

Número 1 - Ano 2022.

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

27 de xaneiro de 2022

Ás dez horas e sete minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e dous; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, por medios telemáticos, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DON ÁLVARO SANTOS RAMOS que xustifica a súa ausencia por atoparse de baixa, e incorporase á sesión unha vez efectuada a súa toma de posesión como concelleira, DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 24 de xaneiro de 2022 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme á seguinte ORDE DO DÍA:

1/1 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 25 DE NOVEMBRO (ORDINARIA), 20 DE DECEMBRO (EXTRAORDINARIA) E 23 DE DECEMBRO (EXTRAORDINARIA) DE 2021.

A) PARTE RESOLUTIVA

ACTAS E GOBERNO

2/2 DECLARACIÓN DE VACANTE E TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRA DESTE CONCELLO DE DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO (Exp. 2022/G004/000068).

PROPOSICIÓNS

3/3 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 22/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A APROBACIÓN DE MEDIDAS CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA (Exp. 2022/G004/000053).

4/4 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 23/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA PALIAR OS PROBLEMAS DE APARCADOIRO EN ZONAS ESTRATÉXICAS DA CIDADE (Exp. 2022/G004/000054).

5/5 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 24/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR AO PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA O CESAMENTO INMEDIATO DO MINISTRO DE CONSUMO POLOS SEUS ATAQUES Á GANDERÍA E AO SECTOR CÁRNICO ESPAÑOL (Exp. 2022/G004/000059).

6/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 25/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA CONQUERIR O COMPROMISO PÚBLICO E OFICIAL DO EQUIPO DE GOBERNO SOBRE AS POSIBLES INDEMNIZACIÓNS OU COMPENSACIÓN POLO GARAÑÓN (Exp. 2022/G004/000060).

7/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 26/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA MOSTRAR O APOIO SIN FISURAS ÁS PORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE E PARA ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA QUE NON MODIFIQUE A LEI DE SEGURIDADE CIDADÁ (Exp. 2022/G004/000061).

8/8 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 27/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO LEVE A CABO UN PLAN DE RECUPERACIÓN DA BANDA MUNICIPAL DE LUGO (Exp. 2022/G004/000062).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

9/9 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2021 (Exp. 2022/G004/000001).

10/10 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2022 (Exp. 2022/G004/000022).

PERSOAL

11/11 DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 11616/2021 DO 28/12/2021, RELATIVO AO LEVANTAMENTO DE REPARO EFECTUADO POLA EXCMA. SRA. ALCALDESA DE LUGO AO INFORME EMITIDO POLO INTERVENTOR MUNICIPAL CON DATA DO 23/12/2021.

TESOURERÍA

12/12 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DOS MESES DE AGOSTO A DECEMBRO 2021.

INTERVENCIÓN

13/13 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO PARA O ANO 2022.

14/14 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCIERO PERMANENTE PARA O ANO 2021.

ROGOS E PREGUNTAS

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/1 APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 25 DE NOVEMBRO (ORDINARIA), 20 DE DECEMBRO (EXTRAORDINARIA) E 23 DE DECEMBRO (EXTRAORDINARIA) DO ANO 2021.- Vista a proposta de Secretaría, do 21 de xaneiro de 2022, do teor literal seguinte:

“O día 25 de novembro do ano 2021 o Excmo. Concello Pleno celebrou a súa sesión ordinaria correspondente ao referido mes e os días 20 e 23 de decembro celebrou sendas sesións extraordinarias. Das citadas tres sesións levantáronse as correspondentes actas que, unha vez transcritas as intervencións nelas producidas e ultimada a súa redacción, foron asinadas polos Secretarios e pola Alcaldesa-Presidenta.

Unha vez asinadas, advertiuse un erro na acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de novembro, no seu acordo 8/148 relativo á "PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 379/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A INCLUÍR NOS PGE DE 2022 A NOVA COMISARÍA DE POLICÍA NACIONAL. (Exp. 2021/G004/000953)". Durante o debate deste asunto presentouse unha emenda "in voce" pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Galicia-PSOE que foi aceptada polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, autor da proposición, que deu lugar a modificación da redacción do punto resolutivo SEGUNDO. Por un erro de transcripción da emenda aceptada mantívose a expresión "tanto públicas como privadas" que figuraba na redacción inicial da proposición e que debía ser suprimida, polo que procede rectificar o erro padecido debendo quedar a redacción do referido acordo do seguinte xeito:

"8/148 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 379/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A INCLUÍR NOS PGE 2022 A NOVA COMISARÍA DE POLICÍA NACIONAL (Exp. 2021/G004/000953).- Vista a devandita proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, número 379/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada na Comisión Especial de Conta e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do 19 de novembro de 2021, expresiva do seguinte:

"Exposición de motivos:

A actual Comisaría da Policía Nacional en Lugo data dos anos 70 do século pasado. Sitúase nun edificio do ano 1940 de pouco máis de 2.000 metros, segundo consta no catastro, nunha rúa estreita, cunha gran intensidade de tráfico e sen case espazo para aparcar. Construíuse para unha plantilla de 100

traballadores, que co paso dos anos converteuse nunha instalación obsoleta.

Na actualidade, superan os 200 empregados; non cumpre cos estándares mínimos de accesibilidade contempladas na normativa vixente para instalacións públicas, xa que nin hai un ascensor. Hai soamente dúas duchas, que ás veces non teñen nin auga quente. E tampouco teñen a súa disposición unha galería de tiro, indispensable para as súas prácticas, tendo que desprazarse a outras instalacións situadas a máis de 15 quilómetros, e privadas. Polo que, como se pode comprobar, pola súa antigüidade e polas súas reducidas dimensións, non reúne as condicións óptimas para o desenvolvemento do traballo dos axentes da Policía Nacional de Lugo.

En relación á necesidade da construción dunha nova Comisaría de Policía existe un amplo consenso. Os sindicatos representativos da Policía Nacional de Lugo levan anos reclamando esta infraestrutura máis que xustificada, do mesmo modo que a nivel político tamén existe o respaldo para que a nova comisaría sexa unha realidade.

Tamén era compartido que a situación idónea estaba nos terreos do Vello Hospital, e así se confirmou en varias e múltiples ocasións polo Partido Popular no ano 2017, sendo naquel momento Juan Ignacio Zoilo Ministro do Interior. En novembro de 2017, en resposta ás preguntas de José Manuel Barreiro, así o confirmou. Pero en ningún momento, aclarou nin os prazos nin os orzamentos necesarios para que esta infraestrutura comezara a definirse nos vindeiros anos.

Os orzamentos xerais do Estado de 2016 incluían unha partida de 100.000 euros para realizar os estudos previos para a construción da nova Comisaría, cuxa consignación repetiuse en anos sucesivos pero nunca se chegaron a executar. Partida orzamentaria que no ano 2019 desapareceu e xa non se volveu a recuperar nos sucesivos orzamentos do partido socialista. E converteuse nos últimos anos nun novo rifirrafe entre o Partido Popular e o Partido Socialista en base as competencias da Xunta de Galicia e do Goberno Central.

En marzo de 2020, a subdelegada do Goberno en Lugo recolleu a reclamación dos secretarios xerais do sindicato SUP en relación á construción da comisaría e en outubro de 2020, a alcaldesa falaba de varios solares municipais nos que se podía albergar esta nova infraestrutura, dado que os terreos do vello hospital xa teñen un novo uso. Comisarías actuais en cidades similares a Lugo contan cun espazo de entre 7000 e 8500 metros cadrados, polo que é preciso ter en conta estes datos.

Para o noso grupo municipal, a situación idónea segue a ser no barrio da Residencia, ao tratarse dunha zona ben comunicada e cun amplo consenso entre a cidadanía para que a zona norte non perda esta infraestrutura ao contar a zona sur xa coas instalacións da policía local. Polo que é preciso coñecer se existen terreos dispoñibles, tanto públicos como privados, para poder axilizar a tramitación de ser necesario.

Para estes orzamentos xerais de 2022 novamente esquecéronse de asignarlle unha partida, polo que quedaría en suspenso un ano máis. De aí que

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

o noso grupo no Congreso presentamos unha emenda para que se dote de consignación, que polo momento aínda non foi rexeitada polo goberno socialista. Pero consideramos imprescindible que esta Corporación tamén reivindique dun xeito unánime a necesidade, por motivos máis que xustificadas, da construción dunha nova comisaría na cidade de Lugo.

Tralo exposto anteriormente, o grupo municipal de Ciudadanos Lugo considera de interese municipal que o pleno da corporación acorde:

1. Instar ao Goberno de España a modificar o proxecto dos PGE de 2022 co obxecto de incluír a partida necesaria e suficiente para iniciar a construción da nova Comisaría de Policía Nacional en Lugo.

2. Instar ao goberno municipal a inventariar os terreos para albergar a nova comisaría, e poñer a disposición do Ministerio as parcelas tanto públicas como privadas, tendo en conta o compromiso amosado en múltiples ocasións para que se sitúe no barrio da Residencia.

3. Dar traslado do presente acordo á Presidencia do Goberno, así como á totalidade dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados.”

Visto, así mesmo, a emenda “in voce” presentada no transcurso do debate pola voceira do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia- PSOE, no sentido de incluír no apartado resolutiva segundo certas expresións de xeito que o referido apartado quedaría redactado co seguinte teor: “Instar ao goberno municipal a inventariar os terreos para albergar a nova comisaría, e poñer a disposición do Ministerio as parcelas resultantes, tendo en conta o compromiso amosado en múltiples ocasións para que se sitúe no barrio da Residencia, na medida do posible”. Emenda que é aceptada polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coas modificacións introducidas durante o debate, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- Votos a favor:	24	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno de España a modificar o proxecto dos PGE de 2022 co obxecto de incluír a partida necesaria e suficiente para iniciar a

construción da nova Comisaría de Policía Nacional en Lugo.

SEGUNDO.- Instar ao goberno municipal a inventariar os terreos para albergar a nova comisaría, e poñer a disposición do Ministerio as parcelas resultantes, tendo en conta o compromiso amosado en múltiples ocasións para que se sitúe no barrio da Residencia, na medida do posible.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Presidencia do Goberno, así como á totalidade dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados.”

Tendo en conta, así mesmo, as observacións efectuadas durante o exame deste asunto pola voceira do Grupo Municipal do Partido Popular no sentido da existencia dun erro na identificación da persoa interveniente en nome do citado Grupo no debate conxunto dos puntos 2/142 e 3/143 do Pleno ordinario do 25 de novembro de 2021, xa que figura DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL e debería figurar DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ por ser a persoa que realmente fixo uso da palabra, polo que se debería proceder a súa modificación.

Tras as intervencións efectuadas, sométese o asunto a votación, coas rectificacións antes sinaladas, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

Aprobar as actas correspondentes ás seguintes sesións celebradas polo Excmo. Concello Pleno:

- Sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2021, coas rectificacións descritas na parte expositiva do presente acordo.
- Sesión extraordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2021.
- Sesión extraordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2021.

DELIBERACIÓN

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Algunha cuestión, aclaración, puntualización? Non? Si, ten a palabra a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ:** En el acta número 13 en el reconocimiento extrajudicial de crédito hay un error porque se pone el nombre de mi compañera Sagarrio y es el mío. Simplemente eso.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Perfecto, pois queda recollida esa puntualización; corríxese entón na transcripción da acta, e con esa matización damos entón por aprobadas as tres actas que hoxe levamos para a súa aprobación, si?

A) PARTE RESOLUTIVA

ACTAS E GOBERNO

2/2 DECLARACIÓN DE VACANTE NA CORPORACIÓN MUNICIPAL E TOMA DE POSESIÓN DE DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, COMO CONCELLEIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (2022/G004/000068).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Alcaldía do 21 de xaneiro de 2021, do seguinte teor:

“O pasado día 25 de decembro de 2021 faleceu o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular do Excmo. Concello de Lugo, don Manuel López Fernández (segundo consta na certificación expedida polo Rexistro Civil o día 4 de xaneiro de 2022) decretando a Alcaldía loito oficial os días 26 e 27 de decembro de 2021 e amosando o Pleno da Corporación -na sesión celebrada o día 30 de decembro de 2021- o seu profundo pesar por este pasamento.

Tendo en conta que foi recibida neste Concello a credencial -expedida pola Xunta Electoral Central con data do 20 de xaneiro de 2022- na que se designa Concelleira do Concello de Lugo a DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, en substitución por defunción de don Manuel López Fernández, pola candidatura do Partido Popular, ás eleccións locais do 26 de maio de 2019.

Presentada pola interesada o día 21 de xaneiro a documentación esixida no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de conformidade co previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica do réxime electoral xeral para os efectos da adquisición da súa plena condición de concelleira.

Visto o ditame adoptado pola Comisión Especial de Contas e Permanente Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, na sesión do 21 de xaneiro de 2022.

En virtude de todo o cal, PROPÓNSELLE ao Pleno da Corporación, en cumprimento do establecido nos artigos 9 do ROF e 19.1.l) e 182.1 da LOREG, e da Instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003, sobre substitución de cargos representativos locais, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar a vacante na Corporación municipal de Lugo polo falecemento do concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, don Manuel

López Fernández.

Segundo.- Proceder á toma de posesión, de conformidade coa fórmula establecida no artigo 1 do Real decreto 707/1979, do 5 de abril, de DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO como Concelleira do Concello de Lugo.”

Seguidamente, sométese a declaración de vacante a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

Declarar a vacante na Corporación municipal de Lugo polo falecemento do concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, don Manuel López Fernández.

A continuación a ALCALDESA-PRESIDENTA dálle a palabra a DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO que presta xuramente segundo a seguinte fórmula:

XURO

CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRA CON LEADLDE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.

Tralo cal, DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, de conformidade coa fórmula establecida no artigo 1 do Real decreto 707/1979, do 5 de abril, TOMA POSESIÓN como Concelleira do Concello de Lugo.

Finalizada a sesión plenaria a Alcaldesa-Presidenta imponlle a Medalla da Corporación e faille entrega da insignia corporativa.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... Unha vez xurado o cargo, en base a ese artigo número 1 do Real decreto 707/1979, do 5 de abril, agora si, xa como concelleira *de facto* do Concello de Lugo dámoslle a benvinda á nova concelleira e desexámoslle que teña moita sorte e moitos acertos na súa acción política, neste caso dende a

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

responsabilidade da oposición, para que siga contribuíndo, como o resto de compañeiros e compañeiras, como o resto de concelleiros e concelleiras da Corporación, a seguir facendo de Lugo unha cidade vangardista, unha cidade de futuro e unha cidade con capacidade e oportunidades para a nosa veciñanza, para os nosos veciños e veciñas. Así que dona María del Mar en hora boa, parabéns e benvida. E a partir de agora xa se incorpora como concelleira *de facto* para seguir no transcurso da sesión plenaria do día de hoxe. Recordo tamén que, unha vez finalizado o Pleno, os portavoces dos distintos grupos municipais subirán ao despacho da Alcaldía para facer esa imposición presencial, esa si da medalla, e culminar así esta toma de posesión do día de hoxe. Parabéns e felicitacións.

PROPOSICIÓNS

3/3 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 22/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A APROBACIÓN DE MEDIDAS CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA (Exp. 2022/G004/000053).- Vista a citada proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, número 22/2022 de Rexistro de Pleno, e cuxa elevación a Pleno foi ditaminada pola Comisión Permanente Ordinaria de Sostibilidade Urbana e Cohesión Territorial do 21 de xaneiro de 2022, expresiva do seguinte:

“Exposición de motivos:

A contaminación acústica, segundo a Organización Mundial da Saúde, é un dos factores ambientais que provoca máis problemas de saúde. Pese a súa invisibilidade, é terriblemente prexudicial e debe ser tratado como un problema ambiental de primeiro orde nas cidades. O "Libro Verde" da Comisión Europea recoñece que é un dos principais problemas ambientais da Unión Europea, de aí que sexa imprescindible contar no eido local con ferramentas normativas que permitan que este tipo de contaminación xerada polas múltiples e variadas fontes de ruído existentes, sexa a mínima posible, poñendo en marcha todas as medidas necesarias para garantir a saúde, a calidade de vida da nosa veciñanza e, por suposto, a protección do medio ambiente na nosa cidade.

No artigo 45 da Constitución se establece como principio rector da política social e económica a protección do medio ambiente. O desenvolvemento lexislativo en materia de control da contaminación acústica fundaméntase na Directiva 96/61/CE de 24 de setembro de 1996, e comeza coa entrada en vigor da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído. No seu artigo 6 se cita que corresponde aos concellos aprobar ordenanzas en relación coas materias obxecto desa lei e adaptar as ordenanzas existentes e o planeamento urbanístico ás disposicións desa Lei e das súas normas de desenvolvemento.

O desenvolvemento regulamentario da normativa estatal realízase coa publicación de dous Reais Decretos. O primeiro deles, o Real Decreto 1513/2005, desenvolve os conceptos de ruído ambiental e os efectos e molestias sobre a poboación, incorporando medidas como os mapas estratéxicos de ruído, os planes de acción e a información á poboación.

O seguinte Real Decreto, de 2007, dota aos concellos dos instrumentos necesarios para a aprobación de ordenanzas municipais na materia. Tamén está o Real Decreto 1371/2007, moi relacionado coa normativa ambiental, polo que se aproba o documento básico "DB-HR Protección fronte al ruido" do Código Técnico da Edificación.

Galicia foi unhas das primeiras comunidades autónomas en regular a contaminación acústica, mediante a Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, e coa aprobación de posteriores decretos, como o 320/2002, polo que se aproba o Regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica. Pero a entrada en vigor da normativa europea (Directiva 2002/49/CE) e a mencionada a nivel estatal supuxo que a regulación autonómica quedase, nunha parte importante, desfasada.

Co Decreto 106/2015 incorpórase ao dereito autonómico a normativa europea e estatal básica en materia de contaminación acústica e se estableceron as normas adicionais de protección, sendo o seu obxectivo principal regular as medidas necesarias para previr, vixiar e corrixir a contaminación acústica e reducir os danos na saúde humana, nos bens ou no medio ambiente, así como regular as actuacións específicas en materia de ruído e vibracións no ámbito da nosa comunidade autónoma.

No seu artigo 9, se di que en cumprimento do disposto polo artigo 6 da Lei 37/2003, do ruído, os concellos de Galicia deberán contar cunha ordenanza sobre contaminación acústica adaptada á normativa básica estatal no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste decreto (agosto de 2015).

Lugo conta cunha normativa agora mesmo en vigor que data do ano 1997. No ano 2013, aprobouse inicialmente unha nova ordenanza, que quedou aparcada ao presentarse máis de 100 alegacións á mesma. A pesar dos cambios a nivel urbanístico que tivo a cidade nas últimas décadas e tamén dos cambios da normativa coa entrada en vigor de novas leis que esixen a súa adaptación a nivel local, Lugo segue sen contar cunha normativa actualizada que dote de seguridade xurídica a apertura de novos establecementos, que redeseñe a limitación de locais en zonas saturadas e que faga isto compatible co descanso da veciñanza.

Así o advertiu fai anos o titular do xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, cando lle urxiu ao Concello a que aprobase unha ordenanza adaptada ás disposicións da Lei do Ruído de 2003, que contemplase a regulación dos ruídos por motivos de especial transcendencia.

En febreiro de 2018, o goberno municipal, por boca do concelleiro responsable naquel momento de desenvolvemento sostible, Daniel Piñeiro, anunciaba que nese ano se impulsaría un cambio na normativa, redeseñando o mapa do ruído urbano vixente. Un anuncio no que daba conta dos cambios profundos que se levarían a cabo, cunha norma máis flexible respecto da actual e con cambios importantes no actual mapa de zonas saturadas de ruído. Tamén indicaba que se presentaría un borrador ese mesmo mes aos grupos da oposición.

Hoxe, xaneiro de 2022, aínda non sabemos nada de dito borrador, polo que Lugo segue sen contar dunha ordenanza que dote a esta administración das ferramentas indispensables para a xestión da contaminación acústica, adaptada a

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

normativa estatal e autonómica vixente, tendo como obxectivo primordial mellorar a calidade de vida da cidadanía, protexer o medio ambiente e dotar de seguridade xurídica aos novos establecemento.

Na ordenanza de contaminación acústica deber ser onde se zonifique acusticamente o territorio; se desenvolva a lexislación medioambiental; se controle o cumprimento das normas sectoriais; se desenvolvan as técnicas de control preventivo e inspección do ruído producido por diversas actividades e tamén dos actos ruidosos realizados polos cidadás, do mesmo xeito que debe regular as relacións de convivencia e boa vecindade en relación co ruído e fixar as sancións relativas á materia. De aí a súa importancia dentro do marco xurídico local.

O novo réxime xurídico xeral e as novas técnicas de protección, como a avaliación do ruído, a zonificación acústica, os mapas acústicos ordinarios e estratéxicos, os planes de acción e a planificación acústica e as actuacións concretas nas zonas acusticamente saturadas, poñen de manifesto a necesaria proxección singularizada e diferenciada sobre o territorio que precisan, o que lle outorga un especial protagonismo ao ámbito municipal.

Tralo exposto anteriormente, o grupo municipal de Ciudadanos Lugo considera de interese municipal que o pleno da corporación acorde:

1. Instar ao equipo de goberno a presentar o borrador da ordenanza de contaminación acústica acorde coa lexislacións estatal e autonómica en vigor á maior brevidade posible, para poder aprobala antes de finalizar este ano 2022.

2. Elaborar un novo mapa de ruído que permita un mellor diagnóstico da contaminación acústica no noso municipio. Dito mapa terá que ser publicado na páxina web municipal para que estea ao alcance de toda a cidadanía.

3. En base a información obtida do mapa de ruído, elaborar un plan de acción con medidas preventivas e correctoras fronte á contaminación acústica, con especial atención nas zonas especialmente sensibles ao ruído, como poden ser centros educativos, espazos públicos, zonas residenciais.... “

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- Votos a favor:	24	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar ao equipo de goberno a presentar o borrador da ordenanza de contaminación acústica acorde coa lexislacións estatal e autonómica

en vigor á maior brevidade posible, para poder aprobala antes de finalizar este ano 2022.

SEGUNDO.- Elaborar un novo mapa de ruído que permita un mellor diagnóstico da contaminación acústica no noso municipio. Dito mapa terá que ser publicado na páxina web municipal para que estea ao alcance de toda a cidadanía.

TERCEIRO.- En base a información obtida do mapa de ruído, elaborar un plan de acción con medidas preventivas e correctoras fronte á contaminación acústica, con especial atención nas zonas especialmente sensibles ao ruído, como poden ser centros educativos, espazos públicos, zonas residenciais...

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos entón o debate da proposta, a proposta do Partido de Cidadáns, e polo tanto a súa portavoz ten 3 minutos para iniciar o debate.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moi bos días a todos e a todas, e benvida, Mar, a esta nova etapa no Concello de Lugo como compañeira desta Corporación. Pois, como todos sabemos, calquera actividade leva consigo na maioría dos casos un nivel de son máis ou menos elevado que, segundo sexa o seu tipo, a súa duración, o lugar e o momento no que se produce, ese pode resultar molesto, incómodo e incluso alterar o benestar. Nese caso é cando se denomina ruído e se considera contaminación. Segundo a Lei de ruído do ano 2003, a contaminación acústica defínese como a presenza no ambiente de ruídos ou vibracións, calquera que sexa o emisor acústico que os orixine, que implique molestias, risco ou dano para as persoas, para o desenvolvemento das súas actividades ou para os bens de calquera natureza, ou que causen efectos significativos sobre o medio ambiente.

Coñecendo esta información, resulta cando menos sorprendente que por parte dun bigoberno que nos repite día si e día tamén o seu compromiso para traballar por unha cidade para as persoas, e tamén por parte dunha alcaldesa firmemente convencida da loita contra o cambio climático e cunha aposta firme por unha cidade sostible que ten como modelo Vancouver, pois esquecera nestes dous anos e medio de mandato, por non contar xa os catro anteriores, un dos problemas ambientais de primeira orde, segundo o Libro Verde da Comisión Europea, e un dos factores ambientais que provocan máis problemas de saúde segundo a Organización Mundial da Saúde, como é a contaminación acústica, que ademais a súa regulación é unha competencia municipal. E parece mentira que se lles olvidara isto tendo en conta ademais que non custa nin 1 €, só fai falla vontade e interese, que parece que é o que menos hai.

Lugo segue sen contar con ordenanza actualizada e acorde á normativa estatal e autonómica desde hai anos. Logo de aparcar aquela ordenanza de 2013 que contou con múltiples alegacións, máis de 100, non foron quen de asumir a súa responsabilidade nesta materia e dotar a nosa cidade da seguridade xurídica

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

imprescindible que dá unha normativa neste senso. En 2018 anunciaron, como vén sendo habitual, a presentación dun borrador para traballar na futura ordenanza redeseñando o mapa do ruído vixente. Isto foi en febreiro de 2018; catro anos despois, catro, nada sabemos dese borrador e parécenos tempo máis que suficiente, tendo en conta o seu ritmo habitual de traballo, para que vostedes teñan elaborado un documento que permita avanzar nesta materia e contemple os cambios legais existentes nestes anos e que faga compatible a apertura de determinadas actividades co descanso da veciñanza.

O silencio e a inacción do bigoberno neste asunto amosa unha vez máis o descoñecemento da realidade da nosa cidade, xa que son moitas as queixas existentes por falta dunha normativa que teña en conta os cambios producidos na cidade nos últimos anos, tanto no que compete ás zonas declaradas saturadas como os decibelios permitidos a determinadas horas nas rúas.

Por isto resulta imprescindible contar cun plan redutor de ruído para minorar na medida do posible o impacto acústico existente en determinadas zonas e a determinadas horas, causado por determinadas actividades, dándolles a oportunidade de adaptarse aos límites establecidos facendo viable o seu funcionamento e a súa continuación. Trátase de facer compatible o desenvolvemento económico da cidade co descanso dos veciños directamente afectados. Do mesmo xeito que é preciso elaborar un plan preventivo que evite a aparición de novas situacións que causen molestias. De aí a importancia dunha...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Goberno, o concelleiro de Medio Ambiente, o señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Bo día a todos; moitas grazas, alcaldesa. Benvinda, Mar, e moita sorte.

É evidente que estamos diante dunha ordenanza singular, primeiro pola súa complexidade técnica, e tamén polo carácter universal, dado que, como sabemos, afecta directa ou indirectamente á totalidade dos veciños. Incide ademais de maneira especial na hostalería, no ocio, pero tamén noutra serie actividades, como poden ser desde talleres, industrias, comercios, panaderías... En xeral a calquera actividade da vida diaria que xere ruído, incluídas, claro está, relacións de veciñanza, e trátase xa que logo de conciliar en dereito ao descanso co necesario dereito ao traballo que, como sabemos, ás veces poden colisionar.

É unha desas ordenanzas que *a priori* poden xerar máis controversia, tanto na súa redacción como na súa aplicación, pois falamos de temas moi sensibles: niveis de ruído de vivendas e locais, insonorización, licenzas e apertura de novos establecementos, sancións; en definitiva, de dereitos individuais contra dereitos colectivos, de aí que debamos ser especialmente cautos na súa redacción e, por responsabilidade, aínda que isto sei que vai ser motivo de controversia con algúns de vostedes, non nos esquecemos, señora Louzao, pois tomarnos o tempo necesario.

Non temos impedimento ningún para facelo, actualmente temos suficiente seguridade xurídica, dende o Real decreto 1367/2007, que desenvolve a lei de

ruído de ámbito estatal, ata o Decreto autonómico 106/2015, sobre a contaminación acústica de Galicia, e a nosa regulamentación de actividades de hostalería e zonas saturadas, pois ningunha inseguridade xurídica. Ademais, nos establecementos conflictivos a propia policía actúa con sonómetros e en aplicación da lei estatal e autonómica que neste caso ten prevalencia en relación cos límites de dB.

E nesta liña estamos a traballar e mantendo contactos formais e informais con persoas e colectivos da cidade, tendo presente a consulta pública que se fixo no seu día a través do *Boletín Oficial da Provincia* e as opinións recibidas, ou estando pendentes de calquera nova lexislación que se aprobe, como foi a Orde da Xunta de Galicia, na que se propuña un modelo de ordenanza tipo, ou máis recentemente a da Consellería de Presidencia, neste caso da apertura e de peche de establecementos, aprobada en outubro de 2020, en plena pandemia, e que deberá ser incorporada previa interlocución coa hostalería.

Coincidirán comigo supoño en que, dada a situación que estaban atravesando, como dicía antes, en xeral e os hostaleiros en particular, non era o momento de negociar nada en relación a horarios, a insonorización, a requisitos para reapertura de negocios, etcétera.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas e quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa.

O primeiro darlle a benvinda a Mar, que obviamente xa o fixemos persoalmente, pero aproveitamos esta primeira intervención para darlle a benvinda e desexarlle moitos éxitos, que seguro que os vai ter.

En primeiro lugar, señora Louzao, absolutamente a favor da súa iniciativa, como non vai ser así, levámola xa en tres ocasións que eu recorde polo menos neste Pleno dende o Partido Popular (2012, 2013 e 2015), e obviamente está totalmente obsoleta esta ordenanza do ano 1997 e xera incluso unha certa inseguridade xurídica a todo tipo de negocios da nosa cidade e por iso, obviamente, é absolutamente necesaria.

Pero eu quería remontarme ao ano 2015, que precisamente foi a última vez que levamos a este Pleno dende o Partido Popular a renovación desta ordenanza, que é exactamente a mesma proposta que hoxe trae Ciudadanos; por tanto, por descontado votaremos a favor.

E voume a deter na acta dese Pleno, porque me parei un momento a lela e curiosamente eramos practicamente os mesmos actores, curiosamente tamén o señor Miguel Fernández, e vou abrir comiñas, e isto dicía o señor Miguel Fernández no ano 2015: "Vou intentar ser breve e teño que dicirle ao responsable do Partido Popular neste tema, lamento ser tan reiterativo, pero tamén volven a chegar tarde, está redactada unha nova ordenanza de rúidos", ano 2015. Pasaron sete anos, pasaron sete anos e esta ordenanza non aparece. Non sei se era un soño de Miguel Fernández, pero quédense con esta expresión: "Volven a chegar tarde"; hai sete anos que dicía isto o concelleiro do Partido Socialista. Hai que ter peito. Miguel, eu sabes que te aprecio profundamente, ademais no persoal cónstame que

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

o sabes e é así, pero hai que ter peito para mentir de forma tan descarada neste salón de plenos. No 2015 xa estaba isto preparado e sete anos despois seguimos sen nada, de feito, seguides sen responder ás alegacións das ordenanzas; por certo, non foi unha consulta pública, foron unhas alegacións a unha ordenanza que se aprobou de xeito inicial neste Ayuntamiento e que nove anos despois seguen sen estar respondidas esas alegacións, e que é un verdadeiro despropósito. E din que chega tarde a oposición; miren, os que chegan tarde son vostedes, que chegan tarde a todo. Vostedes son uns mentireiros profesionais e estano demostrando a día de hoxe co mesmo, son exactamente uns mentireiros profesionais.

Que cualificativo vai usar vostede agora con chegan tarde? Vaino dicir hoxe tamén neste salón de plenos? Que vai dicir agora? Quen chega tarde aquí, señor Fernández? Os que chegan tarde son vostedes, que chegaron tarde ao Garañón, que chegan tarde á praia fluvial, que chegaron tarde á renovación da ordenanza acústica da que estamos agora falando, que chegan tarde na tramitación de licenzas, que chegan tarde nos contratos caducados, que chegan tarde na Fábrica da Luz, que chegan tarde no carril bici que está afundindo o barrio da Residencia e o que teñen que facer é eliminalo dunha vez por todas e modificar ese proxecto, chegan tarde na limpeza da cidade, chegan tan tarde nos servizos sociais. Chegan tarde en xeral na súa forma de gobernar. O único ao que non chegan tarde é a irse dunha vez deste Goberno e que Lugo poida despertar dunha vez deste mal soño que foi o seu Goberno, que é un Goberno realmente, e non é un ataque persoal, de mentireiros, de mentireiros profesionais.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda; minuto e medio para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Hoxe que estamos nunha mañá moi musical, co triunfo no día de onte das Tanxugueiras, vénseme á memoria, señor Fernández, esa canción que foi a banda sonora do Goberno municipal durante os catro anos pasados, que parece que vostede quere que hoxe volvamos sacar, que era o *Despacito*, que é o ritmo deste Goberno municipal.

O señor Antonio Ameijide facía referencia á ordenanza cando se debateu en 2015. Mire, voulle facer referencia ao ano 2018; concelleiro responsable o señor Piñeiro, que anunciaba a dobre páxina na prensa, a dobre páxina, porque isto é como fan vostedes, todo ao grande, que ía presentar un borrador á oposición en febreiro de 2018 para poder elaborar e traballar en conxunto as distintas controversias, como vostede facía referencia, que podían existir na elaboración desta ordenanza, 2018. Debe de ser con patas esta ordenanza, que debe de estar no edificio administrativo e cóstalle chegar ao despacho dos grupos municipais para poder empezar a traballar nesta ordenanza.

Vostedes o que fai moi ben é facer escusas, escusas unha e outra vez. Hoxe fala de controvertida, pero sabe que pasa?, que este bigoberno non é un Goberno valente, non é capaz de afrontar as situacións distintas e que poden provocar distintas interpretacións ou controversias, e vostedes prefiren deixar as cousas aparcadas nun caixón e xa virán outros que recuperen ese tema e se enfronten á

realidade. E mentres tanto hai moitos veciños que están sufrindo, moitísimas queixas, pero, claro, vostedes non saen á rúa, vostedes non escoitan, só escoitan aos que lles din o guapos que son e o ben que o fan; os que os critican pois para que?, e esquecen a situación que está pasando. Por que? Porque non contamos cunha normativa actualizada que teña en conta a normativa legal estatal e autonómica, non teñen un mapa de ruído...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do Goberno, señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, moitas grazas.

O señor Ameijide falou de todo menos da ordenanza. Non aportou nin sequera unha proposta en positivo e acusounos de mentir. Pois, mire vostede, no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* do luns 9 de xaneiro de 2017 aparece un anuncio para unha consulta pública onde figura a Ordenanza de protección contra a contaminación acústica. Señor Ameijide, para que pensa que se fixo esta consulta pública? Evidentemente, claro que había un borrador e había un documento de traballo; non era un borrador definitivo que haberá que consensualo ou negocialo co tecido asociativo, cos comerciantes, cos grupos, cos axentes sociais. *Boletín Oficial da Provincia* do 9 de xaneiro de 2017.

Mire, nós á marxe das valoracións que fagan, temos un obxectivo claro, que é ter unha ordenanza consensuada con todos os sectores económicos e sociais, logo dun amplo debate social no que participen todos, e tamén coa veciñanza e, por suposto, tamén con todos os grupos da Corporación. Miren, se os grupos da Corporación facemos disto unha causa de confrontación partidista e non temos a xenerosidade e a altura de miras suficiente para acordar, fracasaremos e perderá a cidade. Nós estivemos traballando, seguimos traballando, tivemos unha situación de pandemia que antes lles expliquei que tamén evidentemente influíu...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou o seu tempo. Pasamos entón á quenda do portavoz do Partido Popular, minuto e medio.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Grazas, alcaldesa.

Miguel, o que me faltaba por escoitar é que unha ordenanza que vén do ano 1997, que levamos dende o ano 2012 propoñendo neste Pleno dende o Partido Popular que se renove a escusa para o seu retraso é a pandemia. É alucinante, de verdade; eu sabes que te aprecio, pero apréciote ademais persoalmente moito, pero, home, tesme que permitir que non che poida pasar este tipo de afirmacións. É un verdadeiro despropósito que uses a pandemia de escusa para unha ordenanza que leva 25 anos de vixencia, totalmente superada por ordenanzas autonómicas, ordenanzas estatais e ordenanzas de ámbito europeo, é un verdadeiro despropósito.

E que te quedas tan ancho dicindo que o ano 2017 fixestes unha consulta pública e cinco anos despois, en xaneiro de 2017, acabas de dicilo, e cinco anos despois non haxa absolutamente nada, o que denota é que sodes o Goberno máis vago da

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

historia deste concello, cinco anos e non facer absolutamente, e encima sacar peito do vagos que sodes. Permíteme ser tan contundente nesta intervención, pero é que é un verdadeiro despropósito as vosas escusas, é que non ten ningún tipo de sentido que un concelleiro que leva medio ambiente poida saír dicindo que despois de cinco anos dunha consulta pública non se fixo absolutamente nada, e polo medio meter que é culpa da pandemia, é un verdadeiro despropósito. Eu sonrójome, avergóñome, de ter que estar no salón de plenos do Concello de Lugo escoitando escusas tan baratas, tan absurdas, tan soeces que vergoña vos terían que dar de darlles a todos os lucenses. Pedímosvos e ofrecémonos a traballar, pero...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para a portavoz de Cidadáns, 30 segundos.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Mire, señor Fernández, aquí nos ten dispostos a traballar nesta ordenanza consensuada e máis que necesaria pero, mire, primeiro o que ten que facer é presentala para poder traballar con ela. Levamos esperando por ela máis dun lustro, e ese é o seu compromiso cunha cidade sostible e para as persoas que con cousas como esta parece que é máis de boquilla que dun verdadeiro compromiso.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois, debatido o punto, entendo coa unanimidade de todos, seguiremos avanzando nesta ordenanza.

4/4 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 23/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA PALIAR OS PROBLEMAS DE APARCADOIRO EN ZONAS ESTRATÉXICAS DA CIDADE (Exp. 2022/G004/000054).- Vista a antedita proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, número 23/2022 de Rexistro de Pleno, e cuxa elevación á Pleno foi ditamina pola Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas do 20 de xaneiro de 2022, e cuxo teor é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En los últimos meses en Lugo, hemos visto como el problema de tráfico y de aparcamiento en el centro y en muchos barrios de nuestra ciudad se ha agudizado, cuestión ésta, reconocida por el propio Gobierno Municipal, que en diciembre del pasado año manifestaba a los medios de comunicación que estaban trabajando en alternativas para solucionar este problema, pero ni la alcaldesa, ni la edil de urbanismo, fueron capaces de explicar a los lucenses qué opciones se están estudiando.

Pero el problema del aparcamiento en esta ciudad no es algo nuevo y podemos remontarnos al 2015, donde en un primer momento se suprimió la zona ORA, y en segundo se dictó un informe propuesta, que propuso iniciar una nueva ordenanza reguladora del servicio público de aparcamiento en la vía pública, la cual

nunca ha podido llevarse a término en los términos que Lugo ha necesitado y necesita.

En el año 2017 representantes de los vecinos, comerciantes y hosteleros defendían la zona azul a lo que la alcaldesa Lara Méndez, en marzo de ese mismo año respondió planteando hacer una ORA con menos plazas y gratuita, lo cual tampoco ha llegado a implementarse

En julio de 2019 el pleno de esta corporación votaba con 24 votos a favor una proposición del Partido Popular, enmendada por el Bloque Nacionalista Galego, por la cual se acordaba:

‘1.- Poñer en marcha un sistema de rotación do aparcadoiro gratuito en diversas zonas do municipio e,

2. - Retirar as máquinas da desaparecida zona ORA da vía pública en canto iso sexa posible’.

Después de dos años y medio nada sabemos del cumplimiento de este acuerdo, sin embargo, tal y como decíamos, en los últimos meses el problema de aparcamiento ha crecido notablemente en nuestro municipio, debido a los últimos cambios en materia de movilidad, y sobre todo, por la implantación del nuevo carril bici, que ha reducido drásticamente cientos de plazas de aparcamiento, lo cual se ha debatido en numerosas ocasiones en el Pleno de nuestro Ayuntamiento, e incluso de han adoptado acuerdos para su corrección, sin que, por ahora, ello se haya conseguido.

En el año 2020 Concello de Lugo y Red.es ‘certificaron la instalación del sistema de guiado urbano para el aparcamiento en la ciudad, dentro del marco de un macro proyecto de Smart City y con el objetivo de mejorar la calidad de vida de los ciudadanos y la eficiencia de los servicios públicos, así como impulsar la participación y transparencia de la ciudadanía a través de nuevos canales de recopilación y difusión de la información’. Este sistema a día de hoy tampoco se ha puesto en marcha.

A pesar de que por parte del Concello alguna medida se está tomando, como los aparcamientos disuasorios, las mismas son claramente insuficientes y la falta de aparcamiento en Lugo es palmaria, y podemos verlo con claridad en números barrios, por todos el de A Residencia, la zona Centro, donde cada vez es más difícil aparcar, lo cual perjudica gravemente al comercio local, y zonas sensibles como pueden ser los accesos a los centros de salud, edificios administrativos o incluso en las inmediaciones de los Juzgados de Lugo.

En consecuencia, desde Ciudadanos Lugo, solo podemos concluir que es necesario y urgente proceder, por un lado, a la implementación de un aparcamiento rotatorio gratuito y por otro, proceder a la puesta en marcha del sistema inteligente para la gestión y control de aparcamiento de vehículos en la vía pública.

Este nuevo sistema inteligente debe dar solución de una vez por todas, al problema de aparcamiento que padece Lugo, muy agudizado en los últimos tiempos, mejorando así también, por extensión, el tráfico de nuestra ciudad.

Debemos recordar, algo ya sabido y debatido, el 30% de los vehículos que circulan por una urbe están buscando aparcamiento, a los cual se puede llegar a dedicar hasta 15 minutos. Este tiempo repercute en el tiempo de trabajo, conlleva

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

un incremento de las emisiones contaminantes y un mayor consumo de los vehículos.

En pleno siglo XXI, parece lógico y casi imprescindible, apoyarse en sistemas tecnológicos que faciliten la búsqueda de aparcamientos libres en las vías públicas. Las ciudades que han elegido apoyarse en estos sistemas inteligentes han mejorado en la reducción de emisiones, en la movilidad de personas con discapacidad, en la fluidez en el tráfico, lo cual repercute positivamente de forma directa en el comercio local, y en la experiencia vital de sus ciudadanos.

Por todo lo expuesto, el Grupo municipal de Ciudadanos en el Ayuntamiento de Lugo propone los siguientes:

PUNTOS DE ACUERDO

PRIMERO.- La implementación de un aparcamiento rotatorio gratuito, previo estudio de las zonas con mayor necesidad de plazas de aparcamiento, cumpliendo así con el acuerdo plenario de julio de 2019.

SEGUNDO.- Instar al Gobierno Municipal de Lugo para que proceder a la puesta en marcha del sistema inteligente para la gestión y control de aparcamiento de vehículos en la vía pública anunciado en su día por dicho gobierno.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- A implementación dun aparcamento rotatorio gratuíto, previo estudo das zonas con maior necesidade de prazas de aparcamento, cumprindo así co acordo plenario de xullo de 2019.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno Municipal de Lugo para proceder á posta en marcha do sistema intelixente para a xestión e control de aparcamento de vehículos na vía pública anunciado no seu día por dito goberno.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Novamente o grupo propoñente, Ciudadáns, 3 minutos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Buenos días a todos y, por supuesto, bienvenida a Mar.

Pues nada, nosotros con esta propuesta lo que hacemos simplemente es poner en evidencia un problema que creo que todos estaremos de acuerdo en que existe, que es el problema de aparcamiento en Lugo. Las últimas modificaciones que hemos tenido de movilidad urbana, incluso el carril bici, han limitado mucho las plazas de aparcamiento y, aunque alguna cosa y alguna medida se ha tomado, sin duda no son suficientes; y esta realidad la acepta así, entendemos, el propio Gobierno municipal porque en diciembre del año pasado decía que estaba trabajando en alternativas para solucionar este problema, pero en ningún momento llegó a especificarnos cuáles eran esas medidas.

Nosotros creemos que, al margen de las medidas que se puedan estar trabajando, las cuales, si son buenas y están orientadas a solucionar este problema de forma efectiva, por supuesto apoyaremos. Sí que es cierto que en este mandato y en el anterior ya se han adoptado una serie de medidas que no entendemos cómo no se llevan a término. Es decir, más allá de tenernos que inventarnos nuevas medidas creo que ya se han aprobado ciertas cosas que nos pueden ayudar mucho si es que lo ponemos en marcha de forma inmediata.

En este sentido, hay que recordar que en Lugo nos quedamos sin zona ORA ya en el 2015; poco tiempo después la propia Federación de Vecinos pedía una zona azul para Lugo, y en el 2019, después de estar ya casi cuatro años sin la zona azul ni nada parecido, este Pleno aprobó con 24 votos a favor expresamente que se pusiera en marcha un sistema de rotación de aparcamiento gratuito y que se retiraran las máquinas de la zona ORA. Sin embargo, a fecha de hoy todavía no se ha cumplido este acuerdo plenario. Entendemos que es urgente, entendemos que sigue siendo oportuno, ya que, si en aquel momento lo necesitábamos, más lo necesitamos ahora.

Y a esto además se le suma que en el año 2020 este Gobierno municipal, y entendemos que era una buena noticia, firmaba o certificada con Red.es la implantación de un nuevo sistema de guiado urbano para el aparcamiento de la ciudad dentro del proyecto Smart City. Y entendemos que esto, que ya se está implementando en otras ciudades gallegas y españolas, tiene un gran resultado. Supone poner a las ciudades en el camino tecnológico que marca el siglo XXI, pero sin embargo también nos sorprende que tampoco se haya puesto en marcha. Esta es la gran pregunta, ¿por qué no se han puesto en marcha? Como entendemos que este problema ahora es más grave y más acuciante que nunca, presentamos esta propuesta para que efectivamente se pongan en marcha estas dos cuestiones; es decir, entendemos que es necesario y urgente proceder por un lado al desarrollo...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e quenda agora para o Goberno, ten a quenda o concelleiro delegado de Infraestruturas.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Ola, moi bo día, e tamén sumarme á benvida a Mar a esta Corporación municipal. Espero que teñas un bo período neste Concello.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

Primeiramente, dicir que a respecto desta moción, efectivamente, todo o que sexa a mellora do estacionamento na cidade e a mellora para reducir o tráfico de itinerancia é algo importante, porque ademais si que aparece redactado que hai unha certa porcentaxe de tráfico na cidade que é o que está buscando onde estacionar e se podemos reducir iso sen crear efecto chamada para facilitar o sitio de aparcamento, que ás veces iso tamén crea tráfico, hai que equilibrar esas dúas cuestións, pois sempre é importante.

Nesta proposición hai moitas cuestións que son opinións, outras que son datos. Si que me gustaría reflectir ou contrastar algúns datos que se marcan ou algunhas opinións que se marcan aquí. Fálase de que nos últimos tempos cada vez é máis difícil estacionar nalgúns sitios, menciónase en concreto o centro. Tamén dicir que no centro nos últimos meses, co cambio de ordenación para a peonalización da Mosqueira, gañáronse máis de 100 prazas de estacionamento libres; e ademais cando se cambiou o tráfico no entorno da rúa Conde e rúa Río Sil tamén se gañaron en torno de 50 prazas libres; polo tanto, si que no centro nos últimos tempos houbo un incremento de prazas, non no propio centro, pero si nas proximidades, a menos de cinco minutos camiñando del.

Efectivamente, ademais no centro téñense feito outro tipo de cuestións, por exemplo no mandato pasado abríase o *parking* do Seminario polas tardes, que creo que é unha medida moi positiva; creáronse aparcadoiros disuasorios preto tamén algúns que facilitan moito poder achegarse; ademais cando no centro existen xa tres aparcadoiros públicos soterrados, existen tres aparcadoiros privados, incluso algúns máis pequenos, que tamén facilitan ese aparcamento.

E por suposto que todo é mellorable, todo é mellorable. É certo que houbo un acordo no 2019 para poder levar adiante un sistema de rotación de vehículos e é certo tamén que non se levou adiante a día de hoxe, e son cousas que son irrefutables. E non se levou adiante a día de hoxe por unha cuestión de prioridades. Efectivamente, neste Concello temos uns recursos humanos que son limitados; tes que decidir que consideras prioritario e que non á hora de levalo adiante, e isto, sendo algo importante, consideramos que había outras cousas que para nós politicamente, nunha decisión política, eran máis importantes neste momento que levar adiante isto.

En todo caso, non renunciamos, nin moito menos, cremos que hai que avanzar nesta liña, hai que mellorar o estacionamento, hai barrios posiblemente que teñan máis dificultades; tense falado de Fontiñas, hai algún outro tamén, máis incluso que no propio casco histórico e que, polo tanto, se debe camiñar tamén cara a esa idea. Entón, nada, simplemente dicir que concordamos coa proposición e ademais agradecemos...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** Moitas grazas, señora alcaldesa.

O compañeiro Vidal fai unhas acertadas referencias temporais na súa moción, moción que remata con dous puntos que aspiran a ser aprobados hoxe e que en

certo modo non son senón un voltar a vaca ao millo neste Pleno. Eu pola miña parte, se non é moita molestia, quixera en troques apoiar a miña intervención en citas.

Polo xeral, cando un inza de citas o seu discurso, tenta dar certo valor, certa *auctoritas* aos seus plantexamentos pola vía de traer a coloción as verbas doutra xente que deste xeito en certo modo falan por un. Este recurso retórico en política cobra especial relevancia cando a quen citas é a xente alonxada do teu perfil ideolóxico. Por exemplo, non é o mesmo que eu fale da importancia dun sistema de aparcamento rotatorio a que diga: “Tamén quería dicir que a ORA é un servizo esencial”, verbas pronunciadas no salón de plenos deste Concello pola socialista Ana Prieto o 24 de setembro de 2015. Por certo, quizais cómpre lembrar que nese Pleno de 2015 a mesma socialista dixo tamén cousas como: “Como saben, o servizo da ORA quedou suspendido temporalmente”. E francamente, e agardo que ninguén se alporice por isto que vou dicir, que no mes de xaneiro de 2022 sigamos a falar de sistemas rotatorios de aparcamento no Pleno do Concello despois de que o Goberno municipal deixara dito que isto da rotación de aparcamentos era cousa esencial e temporalmente suspendida en 2015, pode levarnos a pensar outra vez que as verbas que empregan vostedes no Goberno e as que empregamos o común dos mortais son homógrafas, e por se alguén non ten ganas de usar o móbil durante a miña intervención, aclarar que fai referencia a verbas que, escribíndose igual, teñen significados diferentes.

Naquel Pleno o hoxe ilustrísimo tenente, señor don Rubén, alporizábase por estar sen un sistema de rotación de vehículos, asegurando –permítanme que insista– no ano 2015 que non era aceptable un modelo no que cada un fora “ao libre albedrío”, e estamos no ano 2022. E hoxe o ilustrísimo tenente, señor don Rubén, atópase no Goberno. Como podemos estar a falar outra vez de temas que veñen arrastrados do 2015? Será cousa da deficiente capacidade de xestión do bipartito tal vez?

Con independencia de se hoxe votan que si ou prefiren empregar unha escusiña estilo “isto xa está en marcha e non imos votar a prol dunha cousa que xa estamos a facer”, gustaríame lembrarlles que o primeiro punto desta moción aprobouse no ano 2019 a proposta do PP, polo que agardo que non lle proa en demasía se remato está intervención con outra cita: “Insisto no que xa dixemos antes, eu creo que isto xa nos leva a un debate que non ten moito sentido, creo que o que hai que facer é cumprir os acordos do Pleno e non teño máis nada que dicir”. E isto que dixo a señora Ferreiro no Pleno de setembro de 2015 vouto lembrar moitas veces de aquí ao final de mandato, ademais de semellar un magnífico xeito de rematar a primeira das miñas intervencións de hoxe.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos entón a segunda quenda de intervencións, minuto e medio para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

En primer lugar, agradecer que haya voluntad, por supuesto, de cumplimiento de estos acuerdos, pero sí es cierto que hay que destacar el hecho de los acuerdos

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

plenarios, porque no deixa de sorprenden que se diga que por una cuestión política se ha tomado la decisión de que no es prioritario adoptar un acuerdo plenario. Nosotros entendemos que los acuerdos plenarios son de obligado cumplimiento y el hecho de decir o manifestar que el cumplimiento de este se va a dilatar o no es prioritario no es más que una trampa para no cumplir con los acuerdos plenarios. Acuerdo plenario que, por otro lado, entiendo que más allá de las prioridades que se tengan en el Ayuntamiento en este momento, en cuanto a lo que es solo el aparcamiento rotatorio, creemos que tampoco es una medida tan difícil que de alguna manera vaya a impedir que se sigan haciendo otras acciones. Obvio que los medios humanos a veces no son los que quisiéramos, obvio que hay ciertos impedimentos, pero estamos hablando de una propuesta de julio de 2019.

Creemos que, y a pesar de que no se haya cumplido hasta ahora, sí insistimos y creemos que es oportuna esta propuesta porque, si no se hizo hasta ahora, pero ahora mismo se tiene ese compromiso y en un breve periodo de tiempo se pone en marcha al menos esta medida, creemos que sería importante para Lugo y para los lucenses.

Decir también que esta propuesta dentro de nuestra actitud, que queremos que sea propositiva, no negamos las acciones que hace el Gobierno, lo que decimos es que no son suficientes y que esto incluso lo reconoce el propio...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, e novamente quenda para o portavoz do Goberno, para o delegado da área de Infraestruturas.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas.

Ben, aclarar primeiramente que non dixeran que non fora prioritario, senón que politicamente hai outras prioridades ou que nós consideramos que hai outras prioridades e que cos medios que temos se fixeron outras cousas ou se lles deu máis importancia neste últimos, nestes dous anos, a outras cousas que a esta, que en todo caso non é unha cousa tan sinxela que se poida facer dun día para outro.

Falábase das citas, as citas son importantes pero hai unha cita sobre todo que é máis importante para o meu punto de vista que outra, que é a que di que unha imaxe vale máis que mil palabras; e hai imaxes, bueno, non sei se se recoñece cun parquímetro da ORA tachado nunha campaña en que se di "Non máis ORA en Lugo", levada adiante polo Partido Popular, eh! Iso levouse adiante pedindo a retirada da ORA de Lugo. Paréceme moi ben que o Partido Popular neste momento propoña levar adiante un sistema de rotación, tamén o propuxo no ano 2019, efectivamente, pero tamén non se pode dicir que se dixo facer un acto de como reflexión de que o que se dixo se ten que manter aí no tempo cando os propios propoñentes que din isto non o fixeron.

En todo caso, as cidades evolucionan, as ideas evolucionan, as medidas evolucionan e iso é moi positivo, e iso é o que debemos facer aquí, para iso é o Pleno municipal, para debater estas cuestións. E, centrándome xa na propia proposición, dicir que efectivamente todo o que sexa mellorar o estacionamento en Lugo, e como dixeran antes, equilibrando, porque iso é moi importante...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Finalizou o seu tempo, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do Partido Popular.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** “Chegan tarde” din dende o bipartito con frecuencia mensual, finxido alporizamento, mal disimulada fruición e ningunha xustificación. E eiquí estamos no 22 falando de cousas das que se veñen falando dende o 15, pedíndolle ao bipartito que aproben un primeiro punto que xa foi aprobado no 19 e mais un segundo punto anunciado no 2020 polo propio bipartito.

E eu non lle vou discutir á autoproclamada mestra da elegancia se na oposición chegamos tarde, chegamos a tempo ou chegamos a destempo. Se ela considera que chegamos tarde, tarde chegamos; pero, aínda recoñecendo que é malo chegar tarde, non é menos malo, que pode que ata sexa un pouco peor, o de non chegar, que vén sendo a situación en que se atopa o bipartito, que non chega nin a cumprir coa súa propia verba.

E como aínda teño un tempinho dispoñible, lembrar que tanto a señora alcaldesa como o seu hoxe ilustrísimo tenente no ano 2015 aseguraban que era mester atopar unha solución urxente e axeitada aos traballadores da extinta ORA, cousa na que a señora Ana Prieto afirmaba estar a traballar dende o minuto cero. E nós chegaremos tarde, señores do bipartito, pero o que é vostedes non chegan nin ao reparto da vergoña.

Remato xa, señora alcaldesa, citándoa a vostede: “O que non imos facer é ser irresponsables e, polo tanto, non imos mentirlle á cidadanía; traballaremos para cumprir o acordo alcanzado neste Pleno”, unha xoia a acta do Pleno de setembro de 2015, señora alcaldesa, unha xoia!

E por suposto ao excelentísimo señor don Rubén prégoille que non minta, que xa sei que é a súa necesidade, pero o certo é que nós propoñiamos un sistema gratuito e rotatorio, non eliminar a hora simplemente.

Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, última quenda para o grupo propoñente, 30 segundos, para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

Pues, por último, sí destacar lo que quizás nos haya quedado en el tintero por el poco tiempo que tenemos en estas intervenciones, que es el sistema inteligente de aparcamiento. Creemos que esto es ir a la vanguardia de lo que son las ciudades modernas y creo que también ayudaría mucho lo que es al turismo y al comercio local el hecho de que por barrios pudiera haber indicadores en los que se diga dónde están las plazas de aparcamiento libre. Creo que este problema es un problema evidente y estas dos medidas que nosotros proponemos creo que son factibles, que ya han de alguna manera, al menos la segunda ya ha comenzado, y que su implantación mejoraría mucho las condiciones de aparcamiento...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois, debatida esta proposición.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

5/5 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 24/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR AO PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA O CESAMENTO INMEDIATO DO MINISTRO DE CONSUMO POLOS SEUS ATAQUES Á GANDERÍA E AO SECTOR CÁRNICO ESPAÑOL (Exp. 2022/G004/000059).- Vista a antedita proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 24/2022 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada pola Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do 21 de xaneiro de 2021, e cuxo teor é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o Informe Anual da Industria Alimentaria Española Período 2020-2021, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a industria cárnica é:

- a terceira en canto a número de empresas que o integran: 3.641 empresas, o 11,9% do total de empresas que conforman a Industria Alimentaria Española.

A este respecto hai que indicar que, segundo o referido informe publicado polo Goberno de España, o 67% desas empresas teñen menos de 10 traballadores (e o 92,7% non alcanza os 50 empregados).

É dicir, esta industria está formada predominantemente por pequenas explotacións gandeiras de tipo familiar que axudan a crear emprego e riqueza e, o que é máis importante, a fixar poboación no mundo rural.

- e en 2020 achegou case 9.000 millóns € de exportacións á balanza comercial de España contribuíndo a reducir o tradicional déficit comercial do noso país.

Se falamos de eficiencia, sustentabilidade e respecto ao medio ambiente e ao benestar animal, a produción gandeira de carne representa unicamente o 5,8% do total de emisións de Gases de Efecto Invernadoiro a nivel mundial; o 80% das cales se producen en países en vías de desenvolvemento.

Como proba de que a industria cárnica española está firmemente comprometida na defensa do benestar animal, a Asociación Nacional de Industrias da Carne de España (ANICE) -a maioritaria no sector- adoptou en 2019 o acordo de instalar cámaras de vídeo-vixilancia en matadoiros, con obxecto de supervisar o correcto cumprimento das condicións de benestar animal nos establecementos de sacrificio.

Este acordo traducíuse nunha solicitude formal, en outubro de 2019, á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), para o desenvolvemento da lexislación correspondente.

Ademais, este sector cumpre con toda a regulación relativa ao benestar animal e seguridade e calidade alimentaria elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o competente na materia e que traspón as directivas que sobre estes aspectos elabóranse na Unión Europea.

Fronte a estes datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo do Reino de España non dubidou en afirmar, nunha entrevista concedida ao xornal británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidade procedente de animais

maltratados ('... they export this poor quality meat from these ill- treated animals').

Unhas declaracións que como podemos ver, revisando os datos publicados polo propio goberno, son rotundamente falsas e demostran ou a profunda ignorancia deste membro do gabinete ou o seu abismal sectarismo ou ambas as cousas á vez.

En todo caso, non é a primeira vez que Alberto Garzón ataca a unha das industrias alimentarias máis importantes do noso país e desprestixia a un sector que leva anos adaptándose aos novos estándares de sustentabilidade ambientes, benestar animal e calidade alimentaria, que dá traballo por centos de miles de españois e é unha ferramenta fundamental para loitar contra o despoboamento.

Non é a primeira vez nin é o único sector produtivo español atacado polo Ministro de Consumo, xa son moitas as ocasións e os sectores que foron centro das críticas e ataques por parte dun Ministro cuxa misión é apoialos e se observa marxe de mellora poñer en marcha medidas, desde o seu departamento ou conxuntamente con outros ministerios.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Lugo, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

O Concello de Lugo:

PRIMEIRO. Esixir ao Presidente do Goberno a rectificación inmediata das declaracións realizadas polo Ministro de Consumo e o cesamento do mesmo polos seus reiterados ataques a un dos sectores produtivos máis puxantes do noso país, o cárnico, que leva anos mellorando os seus procesos para garantir a máis alta calidade alimentaria e o benestar animal.

SEGUNDO. Esixir ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, competente na materia, que, cos datos de que dispón, desminta inmediatamente as afirmacións do seu compañeiro de gabinete e poña en marcha unha campaña nacional e internacional de defensa e apoio ao sector gandeiro cárnico e as medidas necesarias para que devandito sector avance en sustentabilidade.

TERCEIRO. Recoñecer o gran traballo realizado polos miles de gandeiros españois así como dos veterinarios e enxeñeiros agrónomos para facer que o sector gandeiro cárnico adaptácese ás novas esixencias, regulatorias e sociais, en materia medio ambiental, de benestar animal e calidade e seguridade alimentaria alcanzando os máximos estándares de calidade nas devanditas materias."

Visto, así mesmo, a emenda de adición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, número 29/2022 de Rexistro de Pleno, que foi aceptada polo Grupo Municipal Popular, autor da proposición. O texto da referida emenda é do seguinte teor literal:

"Engadir aos puntos de acordo

4. Instar ao Goberno de España a que aprobe un Plan integral de axudas específico para o sector gandeiro, cun dobre obxectivo. Por un lado, apoiar economicamente a mellora de instalacións para asegurar a menor afección a solos e augas e o máximo nivel de benestar animal. E por outro, impulsar a súa promoción e consumo dos nosos produtos a nivel nacional e

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

internacional, reforzando a súa proxección.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, segundo o texto resultante pola emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular, coa redacción dada pola emenda aceptada, transcrita na parte expositiva do presente acordo.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos o debate co grupo propoñente, 3 minutos para o portavoz do Partido Popular.

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Benvida, Mar; parabéns.

As vendas de España de carnes e derivados a Reino Unido foron no último ano computado, 2020, de 82.588 toneladas. O quinto país do mundo ao que se exporta carne por volume de vendas e o primeiro europeo. Grazas ao esforzo dos nosos gandeiros, veterinarios, enxeñeiros, España, e aínda máis Galicia, é un referente mundial na produción cárnica de calidade, vendendo máis de 9.000 millóns de euros a máis de 130 países do mundo.

O ministro Garzón, nun máis dos seus repetidos ataques á gandería e ao medio rural español, permítese o grave erro ou ignorancia de acudir a un medio de comunicación británico de referencia a declarar que a carne española procede de macrogranxas onde se maltratan os animais, resultando unha carne de mala calidade. Nada máis lonxe da realidade. En primeiro lugar, o concepto de macrogranxa non existe a nivel oficial, existen explotacións en réxime extensivo e intensivo, en convencional ou ecolóxico, cada unha coas súas normativas. España, como todos os demais membros da UE, debe cumprir a normativa acerca do benestar animal, que emana da propia lexislación da Unión, ademais de contar con normativa propia do Estado e de Galicia no noso caso. Todo este paquete lexislativo de benestar animal é o máis exixente do mundo.

Os servizos veterinarios oficiais das comunidades autónomas encárganse de facer cumprir as ditas normas, ademais do Seprona e a policía autonómica no caso de Galicia, no seu caso abrindo expedientes sancionadores que chegan ata o peche

de explotacións e decomiso dos seus produtos. Ademais existe unha complexa lista de requisitos medioambientais que deben cumprir igualmente as granxas e os terreos onde se asentan. Incluso hai empresas que exixen cumprimentos aínda máis restritivos que as ditas normas europeas para entregarlles os seus produtos aos gandeiros; por exemplo, no leite de vacún. Nas citadas normas de benestar animal regúlanse entre outras as dimensións das granxas, a densidade de animais, as condicións de manexo, o transporte, etcétera.

Estas declaracións do ministro poñen ademais en risco máis de dous millóns e medio de postos de traballo. É o cuarto sector industrial español fundamental na economía, especialmente na galega, que axuda a combater a despoboación no rural e a prevención de incendios forestais entre outros.

A gandería en España aporta máis de 15.000 millóns de euros á produción agraria. A industria cárnica factura máis de 26.000 millóns de euros, líder do sector alimentario, co 23% do total. O 67% da granxas son explotacións familiares en España, con menos de 10 traballadores. Esta porcentaxe aumenta en Galicia.

Non é a primeira vez que este ministro de Sánchez ataca o sector primario español. O propio Goberno faino subindo impostos ao gasóleo, á enerxía, prohibindo a caza do lobo, etcétera; ataques a sectores estratéxicos como o viño, a froita ou a propia carne ou o leite.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Cando un escoita as declaracións do ministro Garzón, pode comprobarse como ten un profundo descoñecemento da situación dun sector fundamental para a economía nacional e, por suposto, tamén para a galega. Esas declaracións, unidas ás de hai uns meses acerca do consumo da carne, danan profundamente a imaxe deste sector e tamén a reputación internacional da gandería española, que depende en gran medida da exportación de produtos dos que a súa calidade é recoñecida a nivel mundial, unhas declaracións ademais que provocaron que as máis importantes asociacións do sector pediran a súa dimisión.

Nesa polémica entrevista o ministro Garzón dá por feito que todas as instalacións de gandería intensiva incumpren sistematicamente as normas medioambientais de prevención da contaminación de solos e auga afirmando que a carne producida nestas instalacións é de mala calidade e que os animais son maltratados nas mesmas, e isto nun medio dun país que é un dos principais destinos da carne española, un auténtico despropósito por parte do ministro de Consumo.

E xusto un mes antes o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, co señor Planas, ministro do Partido Socialista, adxudicara un contrato a unha empresa de publicidade de 1,15 millóns de euros para que deseñase unha campaña de promoción dos produtos nacionais, incluída tamén a carne, que proxectase a súa imaxe no ámbito internacional. A campaña saíulle redonda.

O que non contou ata o momento o ministro de Consumo é a contribución do sector agrícola para fixar poboación nos territorios, os empregos que se manteñen, a

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

importancia que ten para manter as granxas rurais, a súa relevancia para España como sector exportador e, por suposto, na loita contra o cambio climático, xa que reduce a necesidade de transportar produtos cárnicos desde outros países e tamén actúa como sumidoiro de CO₂.

Ademais, hai que destacar que España está entre os países da Unión Europea con maior peso da gandería extensiva, moi por riba de países que el cita na súa entrevista, como son Francia ou Alemaña. O que debería facer o señor Garzón desde o seu ministerio, para ter así un mínimo de actividade proveitosa, é impulsar medidas para apoiar o sector agrícola como sector fundamental que é para a nosa economía. De aí que desde o noso grupo presentamos hoxe unha emenda de adición para engadir aos puntos do acordo: “que se inste o Goberno a que aprobe un plan integral de axudas específico para o sector gandeiro cun dobre obxectivo: por un lado, apoiar economicamente na mellora de instalacións para asegurar a menor afección a solos e augas, e o máximo nivel de benestar animal; e, por outro, impulsar a súa promoción e consumo dos nosos produtos a nivel nacional e internacional reforzando a súa posición”.

Este Goberno ten que amosar un firme compromiso co sector primario, que en España é diverso, moderno e sostible, pero que debe afrontar enormes retos e ten que contar co apoio de todos, e non mirar para outro lado cando se ve ameazado por afirmacións tan desafortunadas por parte dun membro do Goberno, que ademais ten nas súas mans a posibilidade, en caso de que o considere necesario, de legislar se realmente está convencido de que hai que incrementar as exixencias neste sector.

Menos afirmacións, menos declaracións, menos publicidade e máis traballo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, a quenda agora correspóndelle ao portavoz do BNG.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas de novo.

Nesta proposición non temos intención ningunha de defender a Alberto Garzón, non temos necesidade de defendelo. Pero si que imos defender a democracia, porque o certo é que baixo os bulos non pode existir democracia.

E dicía que non seremos nós porque evidentemente temos coincidencias ideolóxicas pero temos moitas diferenzas, pero non por iso se pode atacar unha persoa, un cargo público por algo que non dixo. E por isto é curioso porque calquera pode coller a entrevista na súa totalidade e ver o que se dixo e pode coller esta proposición e ver como se sacan frases de contexto. Pero iso, evidentemente, é unha actuación lamentable, que chega aquí por orde do señor García Egea e con esa misión de salvar o soldado Casado ante unha situación bastante complexa na que parece que vale absolutamente todo.

E dicía que lanzar bulos non é só inventar frases, é coller datos falsos, e ademais nunha proposición en que xa non só é a frase, hai cousas que chaman a atención, como que se fale de que o 67% das empresas teñen menos de 10 traballadores e despois falan de que esta industria está formada predominantemente por pequenas explotacións gandeiras. Estase mezclando o que é unha industria co que é unha

explotación gandeira dentro da mesma frase e coas mesmas porcentaxes; entón, a min paréceme que non se sabe moi ben o que é ou quen redactou esta moción – supoño que en Madrid– as únicas vacas que viu foron as que saíran na primeira no *GrandPrix*, porque, se non, é bastante inexplicable.

Pero é que despois, se imos avanzando e collemos un pouco todo o que hai no fondo disto, tamén nos sorprende que nun país como o noso, onde ademais todos temos familia ou antepasados que se dedicaron á gandería, á pequena gandería, á sustentable, se acabe facendo unhas declaracións ou uns ataques políticos que ao final o que acaban é defendendo proxectos monstruosos como son as macrogranxas que se pretende facer en Soria con máis de 24.000 vacas. Iso ademais son proxectos monstruosos que contaminan, que evidentemente afectan ao benestar animal, que producen despoboamento e que tomban os prezos do resto das explotacións gandeiras. Iso non é debatible, iso é a realidade. E ademais o PP sábeo, porque o PP, se collemos de hemeroteca, poderíamos falar de que pasou co PP que pechaba macrogranxas en Navamorales, que pasou co PP que formaba parte da plataforma Stop Macrogranxas en Pozuelo; que pasou co PP de Almansa opoñéndose desde a Alcaldía á instalación dunha delas; que pasou co PP da Deputación de Palencia apoiando unha moción contra as macrogranxas; que pasou co PP de Los Arenales participando en concentracións contra as macrogranxas; que pasou co PP do Grupo Parlamentario de Castilla-La Mancha opoñéndose publicamente ás macrogranxas; e poderíamos citar ducias e ducias e ducias de lugares onde o PP se leva manifestando anos e anos en contra das macrogranxas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Socialista, o señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas de novo.

O 96% das granxas de carne en Galicia non alcanzan as 100 cabezas de gando. A media de vacas na provincia de Lugo non chega a 41 por explotación. E o grupo municipal do Partido Popular do Concello de Lugo anda moi preocupado polas macrogranxas, tanto que, en vez de presentar propostas beneficiosas para a cidade, pide que o presidente do Goberno de España cese o ministro de Consumo por unhas declaracións.

Pois, miren, para empezar deberían aclararnos de se falamos do que dixo Garzón ou do que din que dixo Garzón, porque parece que non coinciden exactamente. É máis, independentemente da oportunidade destas declaracións, que non compartimos, é certo que tiñan pasado desapercibidas dentro e fóra de España ata que, como non, o Partido Popular unha vez máis, no contexto das eleccións de Castela e León, as rescatou e difundiu ata acadaren a repercusión mediática que coñecemos e que, por certo, tan pouco benefician os nosos gandeiros e gandeiras. Unha cousa si creo positiva: abriuse un debate entendo que necesario para que todos dispoñamos da información suficiente para deixar de lado posturas máis ou menos simplistas e dun perfil urbanita, e non confundamos, por exemplo, explotacións intensivas con macrogranxas porque non lle son o mesmo.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

Asegúrolles que unha explotación de leite de 100 vacas de San Xoán do Campo, por exemplo, pode ser todo o intensiva que queiran pero, desde logo, de macrogranxa pouco. E diferenciar tamén entre dúas modalidades, intensiva e extensiva, que conviven e ás veces ata se complementan en Galicia, ligadas ambas basicamente ao modelo familiar que defendemos, como defendemos explotacións cada vez máis sostibles e cada vez máis rendibles. Cousa distinta son esas macrogranxas ás que se refería o ministro, que non temos en Galicia, que non está recollido o termo na normativa, pero a nivel estatal e mundial habelas hainas e contaminan contaminan.

Nunha cousa si se equivocou o señor Garzón: non é certo que se estea producindo carne de mala calidade, desde logo non en Galicia, e entre outras cousas porque a normativa europea, e polo tanto a española, é das máis garantistas do mundo. Polo tanto calidade diferente si, mala calidade non.

Discrepamos tamén na falta de benestar animal. En Galicia por descontado, por cultura milenaria de convivencia e respecto cos animais, e tamén porque os nosos gandeiros saben perfectamente que, a maior confort, maior rendibilidade.

A partir de aí, poñer o foco como fixo o señor ministro nesas macrogranxas que manteñen os animais hacinados, que contaminan o aire e o solo, que provocan competencia desleal, que non crean postos de traballo, e sobre todo que non contribúen ao desenvolvemento do rural, claro que é positivo e claro que é necesario por moito que lle pese ao Partido Popular.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos entón a segunda quenda, minuto e medio para o grupo propoñente, para o señor Pérez.

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** En primeiro lugar, aceptamos a emenda presentada polo Grupo Cidadáns.

Bueno, gústame que me dean a razón todos, e as macrogranxas non están definidas, en España non as hai e polo tanto non hai que ir ao Reino Unido a dicir que a carne española producida en macrogranxas é de mala calidade. Polo tanto, temos toda a razón.

E o Goberno non pode poñer en risco un sector do que depende o 12% do PIB nacional. Á vista están as recentes manifestacións de protesta do sector nas rúas. Nunca se recorda que un ministro do ramo dun Goberno faga declaracións neste sentido nun dos medios do Reino Unido de máis relevancia. Por certo, eu lín a entrevista inglesa, aínda que non manexo inglés, si que ma traduciron do *Guardian*, e realmente é tal cal saíu publicada en España, para que non digan que todo isto é un bulo, porque non é un bulo. Díxoo e iso non se pode dicir, un membro do Goberno non pode ir dicir iso, e, se é verdade, ten que denunciálo aquí, porque el é o ministro de Consumo. Entón, por todas esas manifestacións do señor Garzón, que ademais acusa de mala praxe os gandeiros, os veterinarios, os enxeñeiros, todos aqueles profesionais que traballan no sector. A este respecto, sinalar que o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España xa pediu oficialmente a dimisión inmediata do ministro. Polo tanto, o presidente do Goberno debe actuar en

consecuencia e cesalo en caso de que el mesmo non rectifique e dimita. Iso é o que vimos pedir hoxe aquí. Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Seguro que vostede sabe, señor Arroxo, que estas declaracións do señor Garzón non foron criticadas só por determinados partidos políticos, senón tamén polas asociacións gandeiras máis importantes do país. Non foi só un tema político, senón que todos recoñecen que o sector gandeiro está a sufrir impactos negativos moi importantes, e podo falar con coñecemento de causa como vostede ben sabe, e aquí tamén están as propias ganderías galegas, as extensivas, pola subida dos carburantes, pola subida do prezo do leite. E un Goberno o que ten que facer é protexer, impulsar e coidar un sector fundamental como este. O que non se poden permitir son declaracións que desprestixian e poñen en dúbida a situación deste sector.

E ademais un Goberno cando goberna, como vostede ben sabe, ten a posibilidade de legislar e de levar a cabo cambios que poidan aumentar a protección nesas chamadas macrogranxas se considera que teñen deficiencias ou que non están cumprindo os estándares de calidade. Pero claro, para isto hai que poñerse a traballar, que a veces parece que o señor Garzón a isto lle ten un pouco de repelús. E sorprende tamén o que está a facer o señor Fernández porque as declaracións do señor Garzón tamén foron postas en entredito e rexeitadas por parte do Goberno socialista, como o ministro Planas e tamén polo presidente do Goberno, o señor Sánchez. Polo tanto, non sei a que vén aquí esta defensa. O que ten que facer un Goberno nacional, e tamén o galego e tamén nós como representantes municipais é coidar e protexer un sector fundamental como o noso e poñer os medios ao noso alcance para que poida sobrevivir nunhas condicións acordes á situación e non estar cada día asfixiando máis porque os problemas que están asumindo cada día poñen en perigo a continuidade de moitísimas explotacións...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e quenda agora para o portavoz do BNG, o señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas de novo.

Eu, como dicía antes, eu non teño nada que defender do señor Garzón, non son eu quen o teña que defender nin moito menos. Defenderase el que para iso é ministro. Pero si que trouxen aquí o punto do debate á situación de que se está ao final defendendo as macrogranxas de forma sibilina; si, si, si, si. Durante todo este debate estase defendendo as macrogranxas de forma sibilina, e pódese dicir que no Estado español non hai macrogranxas, pódese dicir dende o punto de vista de que ese termo non está definido a nivel xurídico, e é certo. Pero creo que todos temos en mente o que é ese termo, digamos, coloquial, que é o termo macrogranxas. Esas explotacións si que existen; en Galiza non, non hai ningunha, pero si que fóra e sabémolo, a ver iso só hai que mirar, hai varias explotacións de 4.000 e 5.000 cabezas de gando, de gando vacún ademais. Iso existe no Estado

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

español, e polo tanto si que, aínda que non sexa un termo xurídico, están aí patente. E ese é modelo gandeiro que se debe levar adiante? Nós entendemos que non. Ademais creo que xa se dixo antes, e ademais eu creo que no fondo o Partido Popular concorda nos danos que ten ese modelo gandeiro, porque así o defende en moitos sitios, de que evidentemente contamina moito máis e de que evidentemente leva adiante despoboamento do rural, porque é certo, ninguén quere vivir ao lado dunha explotación desta bestialidade e ao final...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas e quenda agora para o portavoz do Partido Socialista, o señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas.

Nós tampouco temos que defender a Garzón, defendemos a razón e defendemos o sector no seu conxunto.

E dicía a señora Louzao que o Goberno ten capacidade de legislar; pois é exactamente o que está a facer, aprobando e tramitando toda unha batería de medidas para regular as granxas, protexer o medio ambiente e controlar, por exemplo, as emisións de gases contaminantes, o mal uso dos antibióticos, os vertidos e composición dos puríns, o benestar animal, etcétera.

A partir de aí cada Administración deberá asumir as súas responsabilidades, e teño que dicir unha vez máis que a Xunta de Galicia neste ámbito tampouco está facendo o seu traballo. Porque, miren, a Inspección Sanitaria da Xunta de Galicia conta só con dous inspectores para unha provincia como Lugo, de 67 concellos e 9.800 e pico quilómetros cadrados. Os gardas de Augas Galicia son manifestamente insuficientes e nin sequera teñen a categoría de inspectores. E as inspeccións industriais, onde entrarían granxas, canteiras, desguaces, leiterías, talleres, etcétera, creadas no bipartito, sinxelamente non existen porque o señor Feijóo non tivo a ben crear estes postos.

Así que, señores do Partido Popular, menos campañas propagandísticas, menos pedir dimisións e máis traballar para que os nosos gandeiros e gandeiras non se vexan obrigados a producir por debaixo dos custos de produción e, por tanto, abocados ao peche das súas explotacións como estamos a ver.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pecha esta quenda de intervencións, esta proposta o grupo proponente, señor Pérez, 30 segundos.

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** Mire, señor Miguel, paréceme lamentable que vostede diga aquí que só hai dous inspectores de sanidade na provincia de Lugo. Só en Frigsa hai cinco; na provincia non sei os que hai pero sobre 60 ou 70, vamos, lamentable.

Señor Arroxo, mire, un país que seguro que lle gusta moito que é China, do réxime comunista, como ben sabe, é onde están as macrogranxas esas que se din máis grandes do mundo, en concreto con máis de 100.000 vacas de leite algunha. Ese non é desde logo un proxecto para Galicia nin para España. Simplemente,

recordarvos que cando estivemos pechados e confinados, os gandeiros, os veterinarios...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Finalizou o seu tempo e imos proceder a votar a proposta coa emenda presentada por Cidadáns aceptada, tal como facía mención o portavoz do Partido Popular. Polo tanto, sería a proposta coa emenda incluída.

6/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 25/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA CONQUERIR O COMPROMISO PÚBLICO E OFICIAL DO EQUIPO DE GOBERNO SOBRE AS POSIBLES INDEMNIZACIÓNS OU COMPENSACIÓN POLO GARAÑÓN (Exp. 2022/G004/000060).- Vista a citada proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 25/2022 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación á Pleno foi ditaminada na Comisión Permanente Ordinaria de Sostibilidade Urbana e Cohesión Territorial do 21 de xaneiro de 2022, e cuxo texto é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2011 o promotor do Garañón presentou unha reclamación administrativa na que pedía ao Concello de Lugo algo máis de 25 millóns de euros en concepto de indemnización polas perdas ocasionadas coa paralización da edificación, así como polo lucro cesante desta promoción urbanística avalada por una licenza municipal expedida polo goberno socialista.

No pleno do mes de decembro de 2021 a alcaldesa, sra. Méndez, e a concelleira de economía e recursos humanos, sra. Alvarellos, facían referencia a un informe de asesoría xurídica segundo o cal o Concello de Lugo non tería que indemnizar ou compensar ao promotor da obra do Garañón ao afirmar que ‘hai un proceso xudicial aberto, pero estimamos que non hai lugar a indemnización de ningún tipo’.

Ante a imposibilidade de ter acceso a dito informe nos diferentes departamentos do Concello, e tras as declaracións da sra. Alcaldesa: ‘a non indemnización non o digo eu, senón o asesor xurídico do Concello no seu informe. E nós temos plena confianza nos nosos técnicos’. Este Grupo Municipal require do equipo de goberno o compromiso público e oficial de que non haberá que asumir ningún tipo indemnización ou compensación ao promotor da edificación do Garañón en base á licenza outorgada por un goberno socialista no Concello de Lugo, posteriormente declarada ilegal e anulada pola xustiza.

Así mesmo, en aras á transparencia, este grupo esixe ao goberno bipartito o estudo de custos do Garañón así como o proxecto técnico preciso para tirar as torres e reurbanizar a parcela. Un estudo de custos que inclúa a totalidade daqueles aos que terá que facer fronte o Concello de Lugo, incluíndo o derribo real, non unha estimación, e as posibles indemnizacións e/ou compensacións para reconvertir eses terreos en zona verde. Os precedentes fannos requerir os custos no peor escenario posible xa que este bipartito xa nos ten acostumbrados a custos ‘sorpresa’ en diversas actuacións das que son responsables.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Lugo,

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1. O Goberno Municipal comprométese oficialmente, e acreditará por escrito, que non haberá lugar a indemnización ou compensación ao promotor do Garañón cuxa construción foi avalada polas licencias e permisos municipais anulados en vía xudicial.

2. En caso de existir algún tipo de indemnización ou compensación en relación á construción das torres do Garañón, o Goberno Municipal do Concello de Lugo comprométese a iniciar de xeito inmediato, e de oficio, todos os trámites precisos para reclamar aos responsables políticos os custos destas posibles indemnización e lucro cesante, así como os derivados do retraso no cumprimento das sentenzas que obrigan á reposición da legalidade de dita obra.

3. O goberno municipal, fará entrega a todos os grupos políticos desta corporación do correspondente estudo de custos, que inclúa a totalidade dos gastos que terá que facer fronte o Concello de Lugo, para o derribo real das construcións e as posibles indemnizacións ou compensacións para reconverter eses terreos en zona verde”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos o debate, 3 minutos para o grupo propoñente, para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Gracias, alcaldesa.

Vamos a recordar rápidamente la historia del Garañón.

22 de julio de 2005, comenzamos ya con algo un poco irregular, cuando menos sospechoso: el Partido Socialista firma un convenio con el promotor del Garañón para garantizarle unos plazos y que antes del 31 de diciembre va a tener firmado el

proyecto de equidistribución, porque el día 1 de enero entra en vigor una disposición transitoria que le quita edificabilidad a la parcela. Muy bien.

14 de febrero de 2007: el PSOE da la licencia al proyecto de urbanización. Cierto que el Plan general permitía urbanizar y edificar en esa zona, pero no es menos cierto que fue el Partido Socialista el que le permitió edificar justo en la zona que más impacto visual generaba a las cuestas del parque, curiosamente la zona que más lucro generaría a esta operación urbanística.

26 de marzo de 2008: las licencias de las torres; ahí empieza el icono del urbanismo a la carta del Partido Socialista en Lugo.

16 de septiembre de 2009: comienza la cascada de sentencias judiciales que anulan estas licencias y tramitaciones ilegales del Partido Socialista en esta ciudad, es decir, las cacicadas de los mentores de Lara Méndez.

25 de noviembre de 2011: el promotor reclama 25.844.242,18 euros a los lucenses. Resumen: le dan una licencia ilegal a un señor, el juzgado les para el chiringuito y el promotor nos pide a los lucenses 26 millones de euros por las ilegalidades del PSOE.

Y ahora viene lo curioso, dice Lara Méndez hace unas semanas que esto todo nos va a salir gratis a los lucenses, que no vamos a tener que pagar ni un solo euro. Dice que no hay ningún problema. Solo hay dos opciones, señora Méndez: o nos miente a la cara sin pudor alguno a los lucenses o en su mundo de fantasía y piruletas las ilegalidades no tienen ningún tipo de consecuencia.

Como ya nos vamos conociendo, yo me inclino más por lo primero, por que nos mienta, por que nos mienta además a sabiendas de que miente. Es más, las mentiras tienen las patas tan cortas que usted basó esa mentira en un presunto informe jurídico de la Asesoría Jurídica que obviamente solicitamos desde el Partido Popular. Y no se imaginarán la cara de sorpresa que puse cuando el propio asesor jurídico me dijo que ese informe no existía, no existía al menos en el Ayuntamiento de Lugo; no sabemos si en el mundo de piruleta de Lara Méndez, pero en el Ayuntamiento de Lugo no. Lo que si existe es una contestación a la demanda que obviamente es un documento judicial que es un relatorio de excusas e informaciones sesgadas propias de una defensa judicial. Nada que ver con un informe real sobre las posibles irregularidades y las posibles consecuencias que van a tener todas las cacicadas del PSOE en el Garañón.

Señora Méndez, vuelve a haber solo dos opciones: o no se entera de nada, cosa que dudo, o usted manipula y engaña a los lucenses de forma torticera. Si tan segura está de que no vamos a pagar ni un solo euro los lucenses, la reto personalmente a votar hoy a favor de esta iniciativa; la reto a decirnos y a certificarnos públicamente aquí ante todos los lucenses en este salón de plenos de forma oficial a que los lucenses no pagaremos ni un solo euro de indemnización por las torres del Garañón, y que, si hay que pagar un solo euro de indemnización, todo ese dinero, todos esos euros van a salir íntegramente de los políticos del Partido Socialista que trabajaron...

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Como non podía ser doutro xeito, porque volvo a incidir no que nós presentamos no pleno do mes pasado, o Grupo Municipal de Ciudadanos vai apoiar esta proposta. Se hai algo ao que nos ten acostumados a alcaldesa Lara Méndez e tamén os seus concelleiros de Goberno é ao anuncio grandilocuente de chamativos titulares que co paso do tempo parece que non se converten en feitos ou en realidade, ou, o que é peor, instálanse na mentira como *modus operandi* para desviar a atención sobre eses titulares ou noticias como se nunca saíran das filas socialistas. Hai unha semana sen ir máis lonxe, na Comisión na que se falaba do contrato do lixo, aconteceu de novo: cambian de criterio e menten á oposición e, polo tanto, a todos os lucenses que lles pagan o seu salario. Así trataron de evitar no pleno do mes pasado dar explicacións acerca da inexistencia do estudo de custos aprobado en pleno, tamén co voto a favor dos seus socios de Goberno, que hai que recordar novamente para a conversión en zona verde da parcela do Garañón. Anuncian que non haberá indemnización de ningún tipo para intentar que non saian á luz as súas incoherencias neste tema, aludindo a un informe que só ata o momento vostedes viron.

E todo isto nunha semana na que se sacou a subasta esta parcela e na que se coñecía que esta Administración estaba tratando de adquirirla para evitar outro comprador, e isto non é un custo asociado á conversión en zona verde? Desde Ciudadanos sempre lles pedimos o custo estimado, porque sabemos que dificilmente se pode elaborar un estudo de custos exhaustivo, pero nunca, repito, nunca tiveron enriba da mesa esas cifras para tomar a decisión que menor repercusión económica tivera para as arcas municipais. O único que perseguen vostedes é o que lles dea repercusión mediática, que é o que máis lles segue a preocupar nisto.

Desde este grupo municipal presentamos diversas preguntas en comisión neste asunto. Así o puxemos de manifesto na aprobación do suplemento de crédito para a derruba das torres, e tamén lles pedimos aos concelleiros do Bloque Nacionalista Galego que fagan valer a súa posición neste bigoberno para exixir o que eles mesmo presentaron tamén en 2018. É incomprendible que agora que vostedes poden conseguir que este tipo de iniciativas saian adiante calen e miren para outro lado, e todo para que non lles toquen as súas áreas, para que non lles toquen o seu marco. Que mala sorte ten esta cidade que ten que contar cuns gobernantes soamente preocupados por como saen na foto e non por defender intereses da cidadanía ante as malas praxes levadas a cabo por anteriores gobernos, malas praxes ás que este bigoberno tamén se une, deixando en herdanza actuacións que hipotecarán as arcas municipais para as seguintes xeracións.

Concelleiros e concelleiras do Partido Popular, ben saben vostedes que esta proposta tamén é un brinde ao sol, porque é moi probable que, exercendo esa maioría de rodillo, voten en contra, impedindo a necesaria e imprescindible transparencia nun dos asuntos máis importantes economicamente falando ao que se enfrenta esta Administración, e, se se dera a sorpresa de que votaran a favor,

daría igual porque nunca levarían a cabo o exixido. Ese é o valor da súa palabra, cero. A isto nos teñen acostumados, devaluando continuamente o valor destes plenos e das decisións tomadas polos representantes lexitimamente elixidos democraticamente polos lucenses, dálles exactamente igual, son incapaces de asumir as súas responsabilidades nos asuntos que non lles gustan porque, como dixo o señor Fernández, son...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, quenda agora para a portavoz do Goberno, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa; bos días a todos e a todas. Quero darlle tamén a en hora boa á nova concelleira, á señora Carballas, e deséxolle moita sorte e acerto no seu labor. Dito o cal, renuncio á miña quenda de palabra.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois iniciamos entón a segunda quenda; quenda agora para o grupo propoñente, para o Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Realmente esto es inaudito, es inaudito que el PSOE directamente escoja no defenderse, no argumentar, probablemente porque las mentiras de Lara Méndez les invitan a ni siquiera poder argumentarlo públicamente; o la cobardía, la cobardía de Lara Méndez de no atreverse a participar en este debate, la cobardía de que seguro que va a intervenir en cuanto termine el debate para seguir con esa sarta de mentiras en la que está instalada tanto en el Garañón como en su Gobierno en general.

Señora Méndez, Lara, si no nos has mentido a todos los lucenses en el último pleno, te reto: vota a favor de esta iniciativa. Si eres capaz de mantener, de sostener públicamente y de forma oficial lo que nos has dicho en el salón de plenos hace cuatro semanas, vota a favor de esta iniciativa. Si eres capaz de mantener esa afirmación de que nos va a costar 0 € la indemnización a todos los lucenses, vota a favor de esta iniciativa. De lo contrario, nos estarás demostrando, Lara, que eres una alcaldesa cobarde, una alcaldesa que nos ha mentido en el salón de plenos; nos estarás demostrando que cuando hay que escoger entre los lucenses y tus padrinos políticos, los que te han puesto donde estás, entre ellos el actual líder en la sombra del socialismo gallego, escoges siempre a tus padrinos políticos, pero nunca vas a defender a los lucenses. Ten la valentía de intervenir en un debate público y ten la valentía de votar a favor de esta iniciativa; de lo contrario, estarás acreditando que no eres más que una burda mentirosa.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Empezamos a segunda quenda para Cidadáns, minuto e medio.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Sorpréndeme moito esta non intervención da señora Alvarellos. Ao mellor é porque, claro, non vaia dicir cousas das que logo despois tense que arrepentir e que fan quedar de mentireiros os demais cando non é certo.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

Hai que recordarlle actas anteriores para recordarlle o que dixo, non vaia ser que meta a pata e a collamos noutra mentira, porque como todos sabemos as mentiras teñen as patas moi curtas.

Vostedes no pleno do mes pasado afirmaron que xa había un estudo de custos, que vostedes tomaban decisións en base a este estudo, que tiñan moi claro que querían facer unha zona verde no Garañón. Agora van comprar unha parcela e están negociando ese parcela, que supoño que non sairá gratis, que haberá que pagala, e falaban de que non habería que pagar indemnización. Eu creo que hai que ser valentes e, se un está convencido de que esta é a realidade e de que non ten nada que ocultar e que deixan atrás o que se fixo mal en mandatos anteriores dos que vostedes non son responsables, hai que coller o touro polos cornos e asumir que teñen a razón e que están convencidos. Non hai ningún problema. Que pasa? Que non o saben, que non teñen enriba da mesa ningún estudo de custos, que non saben se haberá que á indemnización, porque hoxe xa saben que van comprar unha parcela que custa cartos aos lucenses, que xa son euros que temos que pagar todos para poder converter esa zona nunha zona verde. Vostedes ocultan información, vostedes menten unha e outra vez e vostedes non asumen as súas responsabilidades. Isto é o que está a facer.

Señora Alvarellos, a verdade é que é unha decepción máis na súa forma de traballar e na súa forma de dar a cara; sexa valente e diga a verdade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, non sei se quere facer uso a señora Alvarellos agora da súa quenda de palabra.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Si, señora alcaldesa. Si, moitas grazas.

Señor Ameijide, non intervín na primeira quenda para darlle a vostede a oportunidade de que se emendase na súa segunda quenda, pero xa podo afirmar que a súa vocación de mapache ou fan de *Friends* ao que vostede mesmo aludía no pleno de decembro, hai 28 días, neste mesmo tema se fixo efectiva. Só teño que dicirle dúas cousas: a contestación seria a unha proposición seria sobre este tema, que foi presentada polo Grupo Municipal Ciudadanos no pleno de hai 28 días, pode visualizala se quere na gravación do minuto 5.50 en adiante; esa foi a contestación seria a esa proposición seria. A contestación seria a esta proposición que é moi pouco seria, unha broma por dicir pouco, lévame a presentar a seguinte emenda de substitución: "Para o caso de que o criterio xurídico defendido pola Asesoría Xurídica municipal non fose atendido en sede xudicial, o Pleno do Concello de Lugo comprométese a repercutir a totalidade das indemnizacións a que houbese lugar á Consellería de Ordenación do Territorio e tamén á de Cultura da Xunta de Galicia, como responsables ambas, a primeira delas da aprobación definitiva da ordenación urbanística que posibilitou a concesión da licenza do Garañón, e a segunda como aquela que informou favorablemente o PXOM con base á cal se concedeu a licenza, e que informou desfavorablemente..."

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para o grupo propoñente, 30 segundos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Paula, sois un Gobierno, de verdad, que sois un hazmerreír; mentís más que habláis, mentisteis cuando decíais que era un informe, que no existe, lo único que hay es una contestación a la demanda, y esta enmienda que quieres hacer directamente es ridícula. ¿Qué pretendes? ¿Que la Xunta pague las ilegalidades del PSOE en Lugo? Esto no lo vamos a hacer obviamente. Tenéis que ser responsables, vuestros padrinos políticos, los que os pusieron donde estáis son quienes firmaron esas licencias y seréis vosotros los que tendréis que defenderlas. Dais vergüenza. Mira, si tenéis algún tipo de credibilidad, votad a favor de la iniciativa; si no, estaréis reconociendo tácitamente que habéis mentido en este pleno hace cuatro semanas.
Un saludo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Bueno, por desgraza non é a primeira das propostas que se defenden que estamos escoitando reiteradamente que somos uns mentireiros, que somos uns mentireiros, que somos uns mentireiros, e por moito que se reitere unha mentira non se converte en verdade. E víñaseme á cabeza – como moita xente sabe, son moi fan de Sabina– unha letra dunha canción de Sabina que é aplicable a vostede, señor Ameijide, que di “lo niego todo, incluso la verdad”. É o que fai reiteradamente, negar a todo, inclusive a verdade. Porque lle vou a ler, e digo literalmente ler o que recolle a RAE como definición de demanda, e ademais vouno facer en castelán porque así o recolle a RAE e porque á parte creo que ao mellor así entende vostede mellor esta definición, e di: “Escrito en el que, exponiendo los hechos fundamentales del derecho que se creen aplicables, se solicita del juez un pronunciamiento favorable”.

E, señor Ameijide, os escritos son informes, os escritos son informes, e eu como alcaldesa, e facendo potestade da responsabilidade tamén que como alcaldesa teño que ter, dígolle que asumo os informes dos distintos servizos deste Concello, neste caso o da Asesoría Xurídica, que foi quen fixo esa proposta para contactar a contestación á demanda. E polo tanto, asume. E o que se olvida de dicir, señor Ameijide, por iso “lo niego todo, incluso la verdad”, porque dixo que fora alí a pedir ese informe e que lle trasladaron a demanda, que é o informe que se traslada para dar contestación. Pero o que non dixo é que nese informe se fala de que se entende que non hai que pasar unha indemnización. E todo se verá, porque nos xulgados non se sabe que resolución se pode adoptar. Independentemente de que poidamos estar en contra ou a favor dalgún tipo de resolución, conformes ou non, evidentemente, como sempre dicimos, acataremos todo aquilo que dunha sentenza se extraia.

Pero é curioso como intentan terxiversar e como non teñen pudor ningún, como reiteradamente, non só nesta proposta, e tivemos que escoitar por parte da miña persoa como alcaldesa, por parte dos distintos membros do Goberno, que eramos uns mentireiros, que eramos uns mentireiros. E, señor Ameijide, como concelleiro da oposición tamén ten vostede responsabilidades e tamén ten que estar á altura

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

das circunstancias do que representamos, que é nada máis e nada menos que a nosa querida cidade, que a cidade de Lugo.

Imos entón votar a proposta tal cal a presentaron, coa rexeita desa emenda *in voce* presentada pola concelleira de Gobernanza, pola señora Alvarellós. E votamos entón a proposta.

7/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 26/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA MOSTRAR O APOIO SIN FISURAS ÁS PORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE E PARA ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA QUE NON MODIFIQUE A LEI DE SEGURIDADE CIUDADÁ (Exp. 2022/G004/000061).- Vista a antedita proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 26/2022 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada na Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do 21 de xaneiro de 2022, e cuxo teor é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá foi aprobada durante a X Lexislatura por iniciativa do Goberno do Partido Popular cumpre cunha finalidade esencial para o conxunto dos españois: crear un marco xurídico axeitado para protexer a seguridade cidadá e garantir o libre exercicio de dereitos e liberdades.

O Goberno PSOE - Unidas Podemos acordou derrogala introducindo emendas, no trámite correspondente, á Proposición de Lei sobre modificación de dita Lei de Seguridade Cidadá que presentou o Grupo vasco do Congreso dos Diputados.

A actual Lei de Seguridade Cidadá foi consecuencia dunha reforma necesaria, convinte e oportuna que deu resposta a unha demanda de amplios sectores da sociedade y, en concreto, das Forzas e Corpos de Seguridade.

España contaba entón cunha lei do ano 1992 que tras 23 anos estaba desbordada, reinterpreta e precisaba dunha revisión por varios motivos, como as esixencias sociais que reclamaban mellor protección das liberdades, a necesidade de ofrecer unha resposta apropiada a certos actos que quedaban impunes ou a necesidade dunha mellor cobertura e seguridade para as nosas Forzas e Corpos de Seguridade. Con ela apostouse por dar maior protección ao dereito á reunión e manifestación pacífica e sancionar mellor e de xeito máis proporcional.

Do mesmo xeito, e isto é moi importante, a Lei 4/2015 xurdiu fundamentalmente porque tras a modificación do antigo Código Penal de 1995, quedaron suprimidas as faltas, que pasaron a ser «infraccións administrativas» ou «delitos leves».

Esto significou que moitos comportamentos, que antes da reforma do Código Penal estaban contempladas como faltas coa súa correspondente sanción, pasaron a selo só no ámbito administrativo.

Coa súa aprobación, en modo algún se restrinxiron os dereitos de reunión, manifestación e folga, nin outorgou á policía un poder excesivo, senón que creou un

marco adecuado para o traballo das Forzas e Corpos de Seguridade.

Dende a súa aprobación a Lei de Seguridade Cidadá revelouse como un dos instrumentos fundamentais cos que contan as nosas Forzas e Corpos de Seguridade para facer fronte á ameaza terrorista, polo que a súa derogación ou modificación sustancial dará osíxeno a esa ameaza, o que nos fará máis débiles fronte ao terror.

A súa aplicación non xerou as graves consecuencias pronosticadas entón polos seus detractores, ningunha desas negras predicións cumpriuse, ao contrario, demostrouse como unha boa Lei.

La aplicación da Lei foi fundamental para a posta en marcha de medidas de control para evitar a extensión da pandemia do Covid e de feito, foi empregada de xeito habitual polo actual Goberno. Os ataques a esta Lei estiveron baseados en criterios puramente de desgaste político, con argumentos de manual partidista.

A Lei de Seguridade Cidadá é plenamente constitucional e así o confirmou a Sentenza de 19 de novembro de 2020 do Tribunal Constitucional, que rechazou con contundencia os argumentos xurídicos que entón planteou a oposición.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Lugo, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

O Concello de Lugo, manifesta o seu apoio sen fisuras á labor das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e por isto insta ao Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

PRIMERO- Defender o mantemento da súa dignidade, intimidade e o principio de autoridade que a actual lexislación lles asegura, e que as FCSE dispoñan dos medios materiais axeitados para o desempeño da súa labor.

SEGUNDO- Solicitar a retirada de calquera iniciativa de modificación da Lei de Seguridade Cidadá nos termos anunciados."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 10 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 2 | do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos o debate da seguinte proposta; 3 minutos para o grupo proponente, para o Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Mire, señora alcaldesa, non lle coñezo eu a ninguén acusado que se autoinculpe nun xuízo, todo o mundo trata de defenderse. Polo tanto, non confunda un informe cunha defensa xurídica.

E, dito isto, entramos na materia desta iniciativa. Miren, España contaba ata o 2015 cunha Lei de seguridade que databa de 1992 e, despois de 23 anos en vigor xa estaba desbordada e reinterpretada, e por iso necesitaba unha revisión para adaptarse ás exixencias sociais para dar resposta apropiada a certos actos que quedaban impunes e tamén para dar mellor cobertura e seguridade ás forzas e corpos de seguridade do Estado. Así, en 2015 aprobouse a Lei 4/2015, de seguridade cidadá, que daba resposta a esas demandas creando un marco xurídico axeitado para garantir dereitos e liberdades, apostando así por unha maior protección do dereito á reunión e manifestación pacífica e sancionar mellor e de xeito máis proporcionado. Ademais, era necesaria porque a modificación do antigo Código penal que databa de 1995 suprimía as faltas e pasaban a ser infraccións administrativas.

Coa súa aprobación en modo algún se restrinxían os dereitos de reunión ou manifestación e folga, nin tampouco se outorgaba ás forzas de seguridade un poder excesivo, senón que se creaba un marco adecuado para que puidesen desempeñar o seu traballo. De feito, dende a súa aprobación revelouse como un instrumento fundamental para que o Estado puidese facer fronte ás ameazas terroristas, polo que a súa derogación ou modificación substancial que pretende facer o Goberno central non fará máis que debilitarnos a todos ante calquera ameaza. E nestes sete anos que leva en vigor demostrou ser unha boa lei. Todos sabemos que foi fundamental para a posta en marcha de medidas de control e para evitar a extensión da pandemia. De feito, foi empregada de forma habitual polo Goberno de España; e a pesar das críticas que tivo no seu día, demostrouse que era unha lei completamente constitucional, e así o confirmou o Tribunal Constitucional, que botou por terra cos argumentos deses mesmos grupos que hoxe queren derogala e modificala.

Así, tanto o Partido Socialista como Podemos están a validar a iniciativa que presentou o Partido Nacionalista Vasco no Congreso co único fin de sacar adiante unha nova lei sen ter en conta as propias forzas e corpos de seguridade do Estado. Por iso, hoxe todos os grupos debemos mostrar o apoio sen fisuras a esas forzas de seguridade para defender a súa dignidade, intimidade e o principio de autoridade que lles garante a actual lei e que lles pretende arrebatara a nova lei. Queremos tamén que o Goberno de España retire calquera modificación da Lei 4/2015 e que garantan ás forzas de seguridade...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou o seu tempo. Quenda agora para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Hola, muchas gracias de nuevo. Pues la verdad es que en cuanto a la conocida Ley mordaza tiene que sorprendernos a todos, sorprender a propios y extraños que ya se haya producido la aprobación de este anteproyecto y el contenido del mismo. La verdad es que nosotros nunca estuvimos del todo a favor de lo que fue la llamada Ley mordaza, pero lo que sí que resulta incoherente es el hecho de que esa ley aprobada por el Partido Popular fuera definida y nombrada con ese apelativo de Ley mordaza por el propio Partido Socialista. El propio Partido Socialista decía que la Ley mordaza era una ley que atentaba contra los derechos y libertades más esenciales, y que dejaba muchas de las decisiones de los derechos y libertades en manos de un solo gobierno; es decir, que no eran con mayorías cualificadas ni nada por el estilo. Y ahora sorprende que se saque una nueva ley que lo que hace es modificar la anterior pero incluso va un poco más allá, y no entendemos cómo se puede estar de acuerdo con esto. Cualquier persona que tenga unos principios democráticos, que defienda los derechos y las libertades no puede estar de acuerdo con este anteproyecto.

Por mencionar alguna de las cosas más graves o que a mí me han parecido más a destacar, en primer lugar es la modificación del propio artículo 10, que lo que hacía la anterior ley era definir los ámbitos de especial interés para poder intervenirlos, y en esta ley lo que se hace es ampliarlos, es decir, aún va más allá, es más restrictiva a la hora de cercenar esos derechos y libertades. Y, si eso fuera poco, se modifica el artículo 26 y todo en título IV de esta Ley mordaza. Y en este título IV es muy significativa una palabra que se introduce, que es la palabra “requisar”, se introduce la palabra requisar. ¿Y qué hace falta para que el Gobierno pueda requisar? Simplemente un decreto, un real decreto; es decir, a golpe de decretazo, simplemente porque lo decide el Gobierno, se pueden cercenar derechos y no solo eso, que puede haber un requisamiento temporal; se pueden requisar bienes, se pueden requisar cuentas bancarias, te pueden requisar tu casa, eso sí, dicen que de forma temporal; se pueden intervenir empresas. Pero es que incluso esa obligatoriedad llega incluso a la prestación personal, porque la propia ley dice que existe la obligación a golpe de decretazo de que se puedan realizar prestaciones personales que el Gobierno exija.

Esta ley es una auténtica temeridad, es un auténtico asalto a lo que son derechos y libertades que cualquier demócrata debe defender. Y es tanto así que incluso da un paso más y en este anteproyecto se incluye también a los medios de comunicación. Los medios de comunicación resulta que también se ven afectados y tienen esa misma obligación de colaboración con el Gobierno. Esto es un claro ataque a estos derechos y libertades más básicos y nosotros, por supuesto, no podemos estar de acuerdo ni de esta ley ni de la anterior.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do BNG, o señor Penas.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Ola, bos días a todos, bos días Mar, benvida.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

Adiantamos xa o noso voto en contra a esta proposición do Partido Popular. A aposta do BNG, como é coñecido, vai incluso máis alá da modificación destes artigos, estamos a favor da derogación total desta norma. Desde aquela famosa frase de Goethe que se nos daba a elixir entre xustiza e orde temos avanzado moito por sorte, Goethe era un xenio na literatura, pero dende logo creo que podemos coincidir todos en que nisto se equivocaba.

É a obriga dos actores que traballan en prol das sociedades democráticas traballar en defender a liberdade de expresión e manifestación das opinións diferentes, tamén traballar pola seguridade, claro, cos medios necesarios, pero nunca poñendo en perigo e en cuestionamento o primeiro, que é o que coidamos que fai esta lei, e coidámolo nós e moitísimos actores tanto a nivel do Estado español como a nivel internacional, como nesta proposición iremos desgranando.

Esta lei naceu cunha intención clara de desmobilizar a sociedade, cunha intencionalidade claramente disuasoria das manifestacións e da liberdade. Hai moitos colectivos, como dicíamos, dentro do Estado, colectivos con sensibilidades moi diferentes, moi variadas, de xornalistas, colectivos sociais, sindicais, organismos internacionais, tanto oficiais como do ámbito cidadán.

O Partido Popular é moi consciente desta posición. Así, na exposición de motivos que tamén o expuxo o compañeiro Ramón Carballo agora na súa intervención, reitera constantemente que esta lei “está pensada para unha maior protección dos dereitos e liberdades, e apostouse por dar maior protección ao dereito á reunión e manifestación pacífica” e así en varias ocasións; *Excusatio non petita accusatio manifesta*.

Asemade argumentase que os ataques a esta lei estiveron baseados unicamente en criterios partidistas. Isto non é certo, acaba de demostralo tamén Juan, pero hai moitísimas entidades, como dixen, que están en contra desta lei. Xa no ano 2015 cando se estaba debatendo, a propia ONU, o Grupo de Expertos de Dereitos Humanos da ONU poñía o foco nesta lei, dicían textualmente: “Confiamos en que España adopte todas as medidas necesarias para garantir o exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas de conformidade cos estándares internacionais”. E dicían: “Preocúpanos que as propostas de reforma poidan ser unha resposta do Goberno e do poder lexislativo ás numerosas manifestacións que nos últimos anos se levaron a cabo en España”. Dicían que o proxecto contaba con expresións amplas e ambiguas que abrían o campo á aplicación desproporcionada. Anotaban como se buscaba dar base legal en contra do dereito internacional a unha serie de medidas que funcionaban con efecto disuasorio sobre o exercicio da liberdade de manifestación pacífica. Iso era en 2015, agora no ano 2020, no ano 2021 e incluso no 2022 temos moitísimas máis opinións que falaremos na seguinte quenda delas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Socialista.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Digo que é sabido que as dereitas deste país en xeral e o Partido Popular en particular cren máis ben pouco, por non dicir nada,

na educación cívica como método de garantir a convivencia e a cohesión social, nin tampouco na reinserción como ese mecanismo de reintegración social de condutas conflictivas, e apostan sempre, antes facíano veladamente, dun tempo a esta parte xa de xeito aberto, supoño que por contentar os seus socios da extrema dereita, por políticas represoras e punitivas baseadas sempre no castigo e na penalización.

Neste mesmo pleno o Partido Popular presentou propostas en relación ás cámaras de vixilancia obviando o dereito individual á intimidade das persoas; prisión permanente revisable; okupas, presentando ademais un alarmismo impropio da dimensión real da cidade; ordenanza cívica con plantexamentos radicais que pouco teñen que ver coa realidade social de Lugo; forzas e corpos de seguridade do Estado, vandalismo, etcétera, etcétera. Logo, iso si, o señor Carballo polo menos durante a súa etapa como subdelegado do Goberno manifestaba, e agardo que o siga manifestando, que Lugo era e é unha cidade segura. Pois menos mal, menos mal; escoitándoos calquera diría que estamos a vivir no Bronx ou algo parecido. E, como xa lles dixen nalgunha outra ocasión, proxectando un escenario inxusto e irreal que en nada beneficia a imaxe de Lugo. Agora unha vez máis traen esta proposición con ocasión da tramitación impulsada polo Goberno progresista do Estado da modificación da Lei de seguridade cidadá que fora aprobada, recordemos, polo rodillo do Partido Popular no 2015 pese á posición en contra da maioría social do país e da totalidade da oposición e que inmediatamente pasou a ser coñecida como Lei mordaza polos recortes en dereitos que supoñía.

Dicía o señor Carballo que demostrara ser unha boa lei, pois, mire, como parece que este pleno vai de citas eu citareille a Jacobo Dopico, catedrático de Dereito Penal na Universidade Carlos III, que di que “esta lei anterior creou da nada un sin número de infraccións que non existían na lexislación de protección da seguridade cidadá entre 1992 e 2015. De 26 infraccións na Lei de 1992 pasamos a 43, algunhas delas cunha pavorosa falta de seguridade xurídica”.

A modificación, por tanto, resulta imprescindible para mellorar as garantías para o libre exercicio de dereitos e liberdades da cidadanía, para mellorar a seguridade xurídica na actuación dos corpos e forzas de seguridade do Estado e porque é necesario adecuala, non o esquezamos, á lexislación, á xurisprudencia constitucional e á nova realidade social do...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou o seu tempo. Iniciamos entón a segunda quenda de intervencións co grupo propoñente, minuto e medio, señor Carballo.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas de novo, alcaldesa. Señores do bigoberno, a verdade é que non esperaba moito menos de vostedes neste debate porque xa nos teñen acostumbrados a que calquera proposta que veña do Partido Popular van votar en contra polo simple feito de vir do noso grupo. Pero, miren, aquí non están votando en contra do Partido Popular, están votando en contra, dándolles as costas ás institucións máis valoradas do Estado democrático, que son as forzas e corpos de seguridade do Estado. Miren, nosoutros reunímonos con eles, con todos os seus representantes e mostráronnos

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

un rechazo absoluto a esa nova norma que pretenden aprobar. De feito, recordarán vostedes, o 27 de novembro, houbo unha gran manifestación de todos os axentes de seguridade en Madrid.

E, miren, a nova lei non senta as bases para unha sociedade máis segura, todo o contrario, favorece os delincuentes, pero xa sabemos que vostedes sempre que teñen que elixir elixen esa bancada. Cuestiona o principio de autoridade das forzas de seguridade transmitindo unha sensación de impiedade, aquí non pasa nada. Pero a verdade é que cando toca a algún de vostedes a pel é moito máis sensible. Deixan desprotexidos os axentes e as súas familias ao non prohibir difundir imaxes gravadas dixitalmente por particulares nos medios. Non plantexa protocolos claros de actuación, permite as manifestacións sen comunicación previa, iso vai impedir que haxa unha programación axeitada e que...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, e quenda agora para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** A mí sí me gustaría volver a destacar otra vez la incoherencia de apoyar este anteproyecto, porque, si en el ámbito local decidimos que vamos a debatir algo que no es muy nuestro, pero bueno si se decide que vamos a debatir algo a nivel nacional, también tendremos que decir cuáles son los defectos o cuáles son las virtudes, tratar de concretar un poco. Ahora el señor Carballo sí daba alguna nota que coincido con él de lo que puede permitir esta ley, pero por parte del Partido Socialista no se da ninguna explicación, solo se habla de bondades. Pero en serio es totalmente incompatible, si se hace una lectura lo que se ve y lo que es realmente represor y punitivo es este anteproyecto, porque va aún más allá del anterior. ¿No son capaces de entender esto? Es que está en el articulado, artículo 10, artículo 26, título IV está modificado. Se puede por decretazo intervenir cuentas bancarias, intervenir viviendas, intervenir empresas, obligar a las personas a cumplir con ciertas obligaciones personales. Esto es lo que se ha redactado en este anteproyecto.

El Partido Socialista, que le puso el título de Ley mordaza a la anterior, no puede estar de acuerdo con este anteproyecto porque va en contra de lo que ellos mismos predicaban. Nosotros, nuestro partido lo que sí hizo en su día fue abstenerse, que es lo mismo que vamos a hacer nosotros hoy porque entendemos que la ley que realmente garantizaría la seguridad nacional dista mucho tanto de esta ley como de la anterior.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e quenda agora para o portavoz do BNG.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas.

Reitero, o BNG desde logo está en contra tanto da anterior como desta; nós avogamos pola derogación total desta lei. Continuamos como, despois de aplicala, esta lei e a anterior durante varios anos, a nivel internacional seguen pegando toques de atención ao Estado español. Organismo tan sospeitosos como pode ser

o Consello de Dereitos Humanos da ONU, que se reúne cada 5 anos, nesta última reunión, en xaneiro de 2020, reiteraba o toque de atención ao Estado español e concreta ademais citando especificamente esta lei, e dicía, e leo textualmente: “pór freo, en concreto entre outros temas –e cito textualmente–, emprazouse a pór freo ás restricións á liberdade de expresión e de reunión introducidas pola Lei orgánica de protección da seguridade cidadá”. Repito, no ano 2020 xa con varios anos de aplicación. Asociacións como Amnistía Internacional, a Plataforma en Defensa da Liberdade de Información, países como Suíza e outros moitos manifestaron directamente a súa preocupación por esta lei durante estes anos que estivo en vigor. En decembro deste ano a propia Amnistía Internacional ten unha campaña moi potente para a súa derogación absoluta; o Consello de Europa na Comisión de Venecia tamén pegou un toque de atención polo “seu potencial represivo desta norma”.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, quenda agora para o portavoz do Partido Socialista.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Mire, señor Carballo, os membros e corpos de forzas de seguridade do Estado non se defenden con declaracións grandilocuentes, senón con feitos concretos. Por exemplo, garantindo a súa seguridade, como fai esta modificación da lei, e mellorando as súas condicións laborais e salariais. É o que así entende o Goberno e é o que está a facer, creando por exemplo desde 2018 máis de 10.000 postos netos de policía e garda civil, investindo 600 millóns de euros en infraestruturas, implementando un acordo de equiparación salarial entre os diferentes corpos, subindo os salarios nun 20% no 2020, ou, por exemplo, presentando plans de renovación e de modernización dos equipos tanto na Policía Nacional como na Garda Civil. Por tanto, máis medios, maior seguridade xurídica e mellores condicións laborais e salariais.

E, miren, nin se poden xeneralizar condutas incívicas puntuais, nin se pode aplicar unicamente medidas coercitivas á hora da prevención das condutas. Trátase precisamente de garantir os dereitos e liberdades.

E di o tamén profesor da Universidade a Distancia de Madrid Fernando de la Fuente que “é preciso que exista un equilibrio entre a seguridade dos axentes policiais e o dereito da cidadanía para expresarse libremente”. Pois diso se trata.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o grupo propoñente, 30 segundos, señor Carballo.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Mire, señor Fernández, a verdade é que está vostede moi cegado con ese argumentario que lle mandaron do Partido Socialista. Como é capaz vostede de dicir que esta nova lei vai protexer os axentes cando todas as institucións e todos os seus representantes manifestaron publicamente estar en contra desta nova lei? Miren, vostedes desde logo que defenden calquera postura que lles veña do manual.

E, señores do BNG, xa non me estraña nada; vostedes sempre apoian os antisistemas e os okupas. Polo tanto, estea entre calquera lei...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Están escorando tanto á dereita, señor Carballo, que corren o risco de diluírse coa ultradereita. E, de chegar a eses extremos, despois o señor Ameijide en minuto e medio non podería chamarnos vagos, covardes, mentireiros, burdos mentireiros, que somos o hazmerreír, que somos ridículos, que damos vergonza. Isto todo en minuto e medio as dedicatorias que nos fixo ao Goberno e especialmente á miña persoa. Fíxese se lle quitamos esa liberdade de expresión, quédase sen argumentario o señor Ameijide e o Partido Popular para defender nunha sesión plenaria. Vamos proceder a votar esta proposta.

8/8 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 27/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO LEVE A CABO UN PLAN DE RECUPERACIÓN DA BANDA MUNICIPAL DE LUGO (Exp. 2022/G004/000062).- Vista a antedita proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 27/2022 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente na Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas do 20 de xaneiro de 2022, e cuxo teor é o seguinte:

“A Banda Municipal de Lugo data de 1876, e aínda que tivo períodos de inactividade por causa da guerra civil e breves impases por cambios na dirección, mantívose funcionando ata o 2016, ano en que cesou como director don Rosendo Ivorra.

Durante décadas, o seu alto nivel artístico permitiulle ser compilador dun amplísimo repertorio, parte do cal se recolle nas oito gravacións que constan da mesma e ser unha agrupación tida en gran recoñecemento musical.

Pero o máis importante é que a súa historia de máis dun século está intimamente ligada á propia historia de Lugo. O servizo que fixo aos lucenses durante toda esta traxectoria, coas súas numerosísimas actuacións, promovendo a cultura musical dentro e fóra do municipio, é lembrada con gran agarimo por varias xeracións de lucenses: tiñámola presente nas grandes solemnidades como o Corpus Christi, San Froilán, o día das Letras Galegas, etc., pero o que ninguén pode esquecer é a súa presenza amenizando os paseos dos domingos desde o palco da música da Praza Maior.

A día de hoxe, en Concello que dispoñen de moito menos orzamento, hai máis de dez Bandas Municipais activas na nosa provincia (ex.: Chantada, Vilalba, Ribadeo, etc.) polo que é inaudito que a de Lugo capital non estea operativa.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular consideramos que xa é hora de que este símbolo do orgullo cultural lucense recupere o seu esplendor sen máis dilación, polo que consideramos necesario que o goberno se comprometa a deseñar e poñer en marcha un Plan para a recuperación da Banda Municipal de Lugo.

O equipo de goberno deberíase de comprometer a deseñar este plan estratéxico inmediatamente, someténdoo periodicamente ao control do cumprimento das actuacións incluídas dentro dos prazos establecidos.

Este Plan Estratéxico constaría dun calendario no que, nun prazo de tempo máximo, estarían marcadas as actuacións pertinentes e imprescindibles para conseguir o fin buscado. Implicaría a coordinación das distintas áreas de goberno que segundo as súas funcións, ben directas ou ben de apoio, comprometeríanse tanto á recuperación dun número adecuado de músicos, da especialidade conveniente para poder executar debidamente as obras musicais propias dunha banda de música como a de Lugo. Do mesmo xeito, comprometeríanse a levar a cabo as dilixencias precisas para que esta dispuxese sen problemas dun director de Banda. Neste plan de ruta incluíríanse actuacións como poderían ser a avaliación dos postos necesarios e a súa categorización, modificacións periódicas da RPT, convocatorias periódicas de prazas de músico de especialidade, convocatorias periódicas de concursos de promoción interna, etc., todo iso con adecuación aos orzamentos relativos ás áreas afectadas.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, propón unir os esforzos de todos e considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Que o GOBERNO de xeito inmediato deseñe e leve a cabo un Plan de Recuperación da Banda Municipal de Lugo, durante este mandato.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** 3 minutos para o portavoz do Partido Popular.
- **BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA:** Grazas, señora alcaldesa, e bos días a todos. E de novo benvida, Mar.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

A Banda Municipal de Música de Lugo, que data de 1876, aínda que tivo períodos de inactividade por causa da Guerra Civil e breves impases por cambios na dirección, mantívose funcionando ata o 2016, no que cesou como director don Rosendo Iborra. O máis importante desta banda municipal é que a súa historia de máis dun século está intimamente ligada á propia historia de Lugo, e é que unha banda de música é sen lugar a dúbidas a agrupación máis importante nunha cidade pola súa cercanía á poboación, e os lucenses coñecen perfectamente o servizo que a Banda Municipal de Lugo prestou durante toda a súa longa traxectoria. Fixo numerosísimas actuacións gañou concursos representando Lugo dende os seus inicios, promoveu a nosa cultura musical dentro e fóra da provincia e tiñámola sempre presente nas grandes solemnidades da cidade como o Corpus Christi, o San Froilán, o Día das Letras Galegas, etcétera.

Pero polo que é lembrada con enorme agarimo por varias xeracións de lucenses é pola súa presenza amenizando os paseos matinais dos domingos dende o templete da Praza Maior. Pero é que ademais a maioría dos integrantes destas agrupacións son os propios veciños do lugar, ou se fan veciños, máxime na nosa cidade na que temos conservatorio e escolas de música varias. Pero é por iso que estes músicos no seu traballo se senten implicados fan crecer a súa contribución cultural mediante o estudo permanente e mesmo compoñendo as obras que se executan. Exemplos temos a moreas, dende *Alborada* de Xoán Mata a *Muiñeira da Muralla*, ou o *San Froilán*, o mesmo o *Lugo 98 e 99* do mestre Iborra. Así que debemos recoñecer o labor da nosa banda local como difusora de música popular galega, pero igualmente recoñecela como primeira depositaria e protectora do legado inmaterial que supón a nosa propia música de orixe lucense.

É por todo isto que desde o Grupo Municipal do Partido Popular consideramos que xa é hora de que este símbolo de orgullo cultural lucense recupere o seu esplendor sen máis dilación, polo que como voz pública dos veciños cremos necesario que todos os grupos deste pleno apoiemos esta proposición para que o Goberno da cidade deseñe e leve a cabo un plan de recuperación da total funcionalidade da Banda Municipal de Música de Lugo neste mandato. Porque, miren vostedes, hai tres bandas municipais profesionais en Galicia: Santiago, A Coruña e unha é a deste Concello ademais, pero ningunha delas está na precaria situación na que está a de Lugo; non ten director e só con 18 músicos. Este plan global implicaría a coordinación das distintas áreas de Goberno, que, segundo as súas competencias, comprometeríanse a fixar e incluír todas as actuacións precisas e ben pensadas para ser eficaces para acadar o fin, como empezar pola avaliación dos postos necesarios e a súa categorización e despois facer as convocatorias periódicas e prazas de músicos de especialidade, convocatorias de concursos de promoción interna, de dirección e todo isto que aparece nos orzamentos. Así que neste pleno hoxe aos lucenses...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

Pues efectivamente nosotros coincidimos en este sentido con lo que dice la concejal Beatriz Vázquez, porque efectivamente desde el punto de vista cultural la banda municipal de Lugo es uno de los grandes baluartes. Es cierto que todos tenemos en la memoria y en la tradición las actuaciones de la banda durante décadas y décadas, y lo más importante es que no solo lo tenemos nosotros en el recuerdo, sino que lo tienen nuestros padres, lo tienen nuestros abuelos y casi lo tienen nuestros bisabuelos. Es una institución centenaria que tenemos en Lugo y que, por supuesto, desde el Ayuntamiento debe ponerse todo para que esta Banda Municipal tenga el boato y tenga, por decirlo así, la importancia que ha tenido en su día.

Creo que la Banda Municipal de Lugo también es imagen de Lugo, no solo es la difusora desde un punto de vista cultural, sino que además es una imagen de Lugo y cuando vienen visitantes pues claro que sería un aliciente más el hecho de que en el templete de la Plaza Mayor hubiera una banda en condiciones y desarrollando su actividad como lo venía haciendo de forma tradicional. Pero lo que se está demostrando desde Cultura es que no tienen ningún interés por la Banda Municipal, no se hace nada reseñable por la Banda Municipal; quizás sí un poco más con la escuela, pero a la Banda Municipal no se le hace ni caso. De hecho, en las penúltimas comisiones que tuvimos se preguntó por el calendario que había para la Banda Municipal durante este año y la respuesta fue que ninguno, o sea, no había ninguna previsión de absolutamente nada. Ya se ha renunciado a que la Banda Municipal en este año 2022 tenga ninguna actividad. Es que eso es una auténtica barbaridad. Es mirar para otro lado.

Y luego también, que es importante, también hay que reivindicar lo que es el papel que tienen los trabajadores porque, después de la nueva confección que se hizo de la RPT, fue una pena que no se hiciera atendiendo más a sus reclamaciones porque ahora de nuevo vuelve a ser una exigencia de los trabajadores una modificación puntual de la RPT que defina, por un lado, el puesto de director de la banda, que desde los músicos lo que reivindican es que no sea tan exigente para que se pueda presentar más gente, que sea del nivel en que está en la mayoría de las capitales gallegas; y, por otro lado, que cuando desarrollan su trabajo o tenían que desarrollar su trabajo con la nueva RPT se les dijo o se les exigió que tenían que presentar una serie de documentación, en este caso era la titulación, y resulta que la RPT no reconoce esa titulación y no se les paga el salario conforme a la titulación que se les ha exigido. Por eso entendemos que esta reivindicación que vuelve a estar en boga por parte de los músicos de una nueva RPT creo que el Gobierno municipal debería reconsiderarla, y es importante por supuesto nombrar a un nuevo director de la banda... Y, como veo que se acaba el tiempo, continúo en la siguiente.

Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas; quenda agora para a portavoz do Goberno, para a delegada da área de Cultura.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Bo día. Benvida, Mar, a esta Corporación.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

Efectivamente, a Banda Municipal de Música de Lugo ten unha longa traxectoria no noso concello e conta con gran simpatía entre a veciñanza, que a lembran con agarimo, e así o podemos comprobar no último concerto celebrado no San Froilán do ano 2019, a pesar das falsidades que se verteron desde a oposición. É curioso que o señor Vidal-Pardo, cando o seu grupo foi un dos primeiros que verteron unha serie de acusacións pola contratación daquel momento dun director convidado e de músicos de reforzo para celebrar ese concerto, que se fixo por certo de xeito intachable, e naquel momento a oposición non mostrou nin unha pizca de apoio á hora de intentar que a Banda Municipal fixese algún concerto, concerto que por certo foi todo un éxito, con moitísima asistencia de público e tamén foi unha satisfacción para o persoal da banda que fixeron o que realmente lles gusta, que é tocar e facer concertos.

Lembrar tamén que na pasada Comisión de Cultura, celebrada o día 23 do pasado mes de decembro, que xa se mencionou aquí antes, ante unha pregunta do Grupo Municipal de Cidadáns, este Goberno xa deu conta do proceso necesario para a substitución do actual director da Banda e da Escola de Música, que, como ben saben, ten concedida unha excedencia por servizos especiais durante dous anos, situación que este Goberno non puido evitar nin negarlle ese dereito a un traballador público.

Permítanme tamén aclararlles que este Concello conta na actual RPT cun posto de dirección da Banda de Música; por certo, o único en toda Galiza, porque falan vostedes das bandas doutras cidades, pero en ningunha das outras cidades hai un posto específico na RPT para director da banda, que ademais neste momento está cuberto, e que para substituílo é necesario abrir un novo proceso selectivo, que é no que se está traballando neste momento, unha vez xa que a persoa que quedou en segundo lugar na proba anterior presentou a súa renuncia. E agora, como xa dixo a concelleira de Gobernanza na mencionada Comisión de Cultura, estase traballando na modificación das bases para adaptalas ao novo proceso selectivo, unhas bases que ademais son moi técnicas pola especificidade da materia. E, unha vez resolto o proceso selectivo, é cando se pode programar un calendario de actividades para a banda. Polo tanto, non ten sentido o que vostedes propoñen porque desde este Goberno xa estamos traballando para que o antes posible poidamos desfrutar dos concertos da Banda de Música de Lugo.

Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e iniciamos entón a segunda quenda. Minuto e medio para o grupo propoñente, para a portavoz do Partido Popular.

- **BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ VENDA:** Grazas.

Señora Ferreiro, nas outras RPT si hai un posto de director; é máis, un posto de subdirector. Miren, e a súa coetilla de xa o estamos a facer é a engañifa de sempre que utilizan para todo, porque na actualidade co seu facer o certo é que no novo caso da banda non hai avances efectivos de ningunha clase. Miren, dende o 2019 a concelleira de Cultura tiña a obriga de pedir o que precisa para dar servizo ao que

demandan os lucenses, e a concelleira de Recursos Humanos a obriga de prover, pero para isto hai que chegar a acordos, verdade?, e non se ven por ningún sitio. Segundo as asociacións de músicos ademais e directores de bandas profesionais, estas teñen que ter máis de 40 músicos para poder interpretar a maioría das obras. Nós temos 18 e axiña 17 porque se xubila un. Pero ademais de número contan as súas especialidades. Nunha banda basicamente que son vento e percusión precísanse 4 percusionistas como mínimo, aquí só temos dous, e de trompas xa non digamos. Pero todo isto xa o saben porque tamén llelo deixou claro o señor o Fiuza, que *venit, vidit et fugit*; isto é, cando pediu a excedencia para irse a unha banda coa que si podía facer concertos. Son importantes o director e tamén os músicos, xa que isto é como os xogadores de fútbol: os bos non se poden permitir permanecer no banquillo sen marcar goles á espera de que o míster decida solucionar os problemas.

Ao ritmo do Goberno actual poden pasar anos, tempo moi útil se a intención real deste Goberno é que desapareza a Banda Municipal. Pero é que aínda hai máis; entenderán o abandono e a inxustiza que senten os músicos da banda lucense con...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas e quenda agora para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

En primer lugar, por supuesto, desde este grupo nos ratificamos en las críticas a la contratación a las que mencionaba la señora Ferreiro porque no son nuestras o al menos las hacemos nuestras porque somos la voz de lo que los músicos dicen públicamente. Esa era una crítica de los propios músicos. Luego por supuesto cumplieron con su obligación y, como buenos músicos que son, el concierto salió perfecto efectivamente. Lo que pasa es que, y en esto sí creo que tiene razón y es muy importante lo que dice la concejal Beatriz, porque el hecho de que se creara un puesto específico y ahora se quiera presumir de que es el único en Galicia, al final hay que ser un poco más efectivos. ¿Eso ha traído como consecuencia que la banda tenga un mejor servicio? Visto está que no. ¿Esto ha traído consigo que la banda tenga alguna organización y una planificación? Está visto que no. Es decir, las soluciones que se adoptan no funcionan, no traen resultados. Entonces es mejor volver a empezar y crear lo que este grupo defiende, que es una modificación puntual de la RPT, en la que, por cierto, además de crearse un puesto, además de regularizarse la situación de los puestos de trabajo, también se cree, porque no está previsto, el puesto de secretario, de jefe de estudios y el de subdirector. Y por último, y sí es muy importante, efectivamente hay que pensar por qué el último director de la banda se fue, y efectivamente se fue porque se está tratando, y me gustó el ejemplo del fútbol fichando a Cristiano Ronaldo para un equipo de segunda B.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, quenda agora para a portavoz do Goberno, a señora Ferreiro.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** É curioso, señor Vidal, porque precisamente os músicos naquel concerto que vostedes tanto criticaron, foi por unha petición deles e estaban encantados. É máis, nós desde aquí, desde esta concellería e ademais tamén desde a de Gobernanza, que estamos en contacto constante cos profesionais da música, estannos pedindo de novo outro concerto, que fagamos o posible para traer un director aínda que só sexa para facer un concerto de vez en cando. Ou sexa que non sei con que músicos falan vostedes, pero pódolles asegurar que estes músicos o que queren é tocar, que se lles traia un director novo, que efectivamente é unha pena que todos lamentamos, que todas lamentamos que o profesional que aprobou a praza vaia ocupar un posto noutra cidade, posiblemente porque ao mellor o funcionariado, por exemplo, o que se cobra da Administración pública igual é menos cantidade que o que se cobra noutros lugares, pero temos que seguir o proceso que hai establecido. Hai un posto ocupado, renunciaron a primeira persoa pedindo unha excedencia, renunciou o segundo e agora hai que iniciar un proceso selectivo.

De nada serve programar concertos da banda porque non hai director, non hai dirección da banda e os músicos non van tocar se non teñen unha dirección, se non teñen un tempo para ensaiar os concertos, para facer un traballo digno, que é o que eles queren facer. Así que...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para a portavoz do Partido Popular.

- **BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA:** Grazas.

O Grupo Municipal do Partido Popular reitera que é necesario recuperar a total funcionalidade propia da Banda de Música de Lugo, cun director e con moitos máis músicos, e despois xa se fará a programación. Pero pedimos que este Goberno deixe de dar e de improvisar e dar largas falando doutras cousas e que desenvolva ese plan de recuperación global e verdadeiro, que o faga público, que se someta a un control e que os lucenses teñan moi claro a que futuro se dirixe a súa banda, que é o que quere este Goberno para a banda, que o claro é que vai pasar o tempo...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Bueno, creo que quedou claro durante o debate que é o que se quere para a Banda Municipal. Procedemos entón á votación da proposta.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

9/9 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2021.- En

conformidade co informe do Vicesecretario Municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 18 de decembro de 2021, coa numeración 112221/2021 ao 11695/2021 recollidos na plataforma TeCOL, integrante do Libro único de resolucións correspondente ao ano 2021.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

10/10 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2022.- En conformidade co informe do Vicesecretario Municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, coa numeración 1/2022 a 317/2022, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2022.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

PERSOAL

11/11 DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 11616/2021 DO 28/12/2021, RELATIVO AO LEVANTAMENTO DE REPARO EFECTUADO POLA EXCMA. SRA. ALCALDESA DE LUGO AO INFORME EMITIDO POLO INTERVENTOR MUNICIPAL CON DATA DO 23/12/2021.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o Informe-Proposta asinado o 14 de xaneiro de 2022 polo Xefe do Servizo de Persoal e pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do seguinte teor literal:

“Examinado o expediente de referencia neste obran, entre outros, os seguintes:

ANTECEDENTES

Polo Decreto da Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo número 11616/2021 do 28/12/2021 formulase o levantamento de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

reparo/discrepancia formulada pola Intervención Municipal, en relación co expediente de prórroga do contrato laboral temporal de un técnico en comunicación (Grupo Profesional II) para a oficina municipal de Europe Direct.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O levantamento de reparo por parte da Alcaldía é unha cuestión que aparece regulada nos artigos 215 e seguintes do Real decreto 2/2005 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, na súa redacción formulada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de Racionalización e sostibilidade da Administración local, nos seguintes termos:

“Artículo 215. Reparos.

Si en el ejercicio de la función interventora el órgano interventor se manifestara en desacuerdo con el fondo o con la forma de los actos, documentos o expedientes examinados, deberá formular sus reparos por escrito antes de la adopción del acuerdo o resolución.

Artículo 216. Efectos de los reparos.

1. Cuando la disconformidad se refiera al reconocimiento o liquidación de derechos a favor de las entidades locales o sus organismos autónomos, la oposición se formalizará en nota de reparo que, en ningún caso, suspenderá la tramitación del expediente.

2. Si el reparo afecta a la disposición de gastos, reconocimiento de obligaciones u ordenación de pagos, se suspenderá la tramitación del expediente hasta que aquél sea solventado en los siguientes casos:

a) Cuando se base en la insuficiencia de crédito o el propuesto no sea adecuado.

b) Cuando no hubieran sido fiscalizados los actos que dieron origen a las órdenes de pago.

c) En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales.

d) Cuando el reparo derive de comprobaciones materiales de obras, suministros, adquisiciones y servicios.

Artículo 217. Discrepancias.

1. Cuando el órgano a que afecte el reparo no esté de acuerdo con este, corresponderá al presidente de la entidad local resolver la discrepancia, siendo su resolución ejecutiva. Esta facultad no será delegable en ningún caso.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, corresponderá al Pleno la resolución de las discrepancias cuando los reparos:

a) Se basen en insuficiencia o inadecuación de crédito.

b) Se refieran a obligaciones o gastos cuya aprobación sea de su competencia.

Artículo 218. Informes sobre resolución de discrepancias.

1.- El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos

propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2.- Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3.- El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local”.

Convén sinalar, ademais, que o levantamento de reparo efectuado pola Excma. Sra. Alcaldesa a través do Decreto da Alcaldía número 11616/2021 do 28/12/2021, ten a súa xustificación legal no feito de que consta acreditada pola responsable do servizo a motivación da necesidade de formalizar a prórroga do contrato laboral temporal de un Técnico en Comunicación (Grupo profesional II) para a Oficina Municipal de Europe Direct e segundo informe de data 27/12/2021: **“INFORME RELATIVO Á PRÓRROGA DO TÉCNICO DE COMUNICACIÓN ADSCRITO AO PROXECTO EUROPE DIRECT, COFINANCIADO POLA COMISIÓN EUROPEA**

O Concello de Lugo contratou ao técnico de referencia o día 30 de xullo de 2021, tendo en conta o **Convenio Marco de COLABORACIÓN DE EUROPE DIRECT LUGO (CONCELLO DE LUGO) COA REPRESENTACIÓN DA COMISIÓN EUROPEA EN ESPAÑA**, asinado no mes de abril de 2021, e **para o PERÍODO 2021-2025**, é concedida igualmente a subvención específica para o ano 2021.

Aínda que o este convenio marco está aprobado e asinado ata o 31 de decembro de 2025, é necesario que cada ano a Comisión aprobe un convenio específico para cada anualidade, co programa anual (PLAN ANUAL DE COMUNICACIÓN 2022) a desenvolver por cada entidade. O Concello de Lugo presentou en tempo e forma este programa anual para o ano 2022, é a Representación da Comisión Europea en España xa nos comunicou o día 17 de decembro mediante carta que o devandito programa estaba aprobado e remitido a Bruxelas para que posteriormente se formalice o convenio anual. Está previsto que a sinatura deste convenio se realice no primeiro trimestre do 2021.

A vista do anterior, informase da necesidade de prorrogar o contrato de referencia para poder executar o proxecto xa aprobado (PLAN ANUAL DE COMUNICACIÓN 2002), xa que este Servizo non dispón de persoal que poida desenvolver o traballo específico dun técnico de comunicación e pola información da que dispón este Servizo tampouco se coñece que se dispoña dalgún outro técnico de comunicación dentro do Concello. Tampouco se pode encargar externamente porque o que financia a subvención é a contratación do propio técnico. Se a prórroga do contrato

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

non se produce o PLAN ANUAL DE COMUNICACIÓN 2022 verase na súa execución seriamente afectado, poñendo en risco a subvención concedida pola Comisión Europea. Como se pode comprobar no plan 2022, non só hai que realizar eventos concretos, senón que hai unha serie de tarefas que se realizan no día a día (boletíns mensuais de comunicación, fomento de redes nacionais e internacionais, relacións con outras Administracións como Universidades/Centros educativos, información en materia da Unión Europea, etc...).

É moi pouco probable, que asinado como está o Convenio Marco 2021-2025, sería inédito de que non se concedera a subvención específica anual (neste caso para o ano 2022). O difícil é acadar o Convenio Mraco, o específico é un mero trámite (así ocorreu nos máis de 10 anos de vixencia de Europe Direct en Lugo).

Por último sinalar, que na actual conxuntura de apertura continua de convocatorias de fondos NEXT GENERATION, é imprescindible contar con esta vía aberta de comunicación coa Comisión Europea.”

Por conseguinte, vistos os antecedentes anteriormente expostos, procede darlle conta ó Pleno do Decreto da Alcaldía Nº 11616/2021 do 28/12/2021, relativo ao levantamento de reparo efectuado pola Excma. Sra. Alcaldesa de Lugo ao informe emitido polo Interventor Municipal con data do 23/12/2021, no expediente de prórroga do contrato laboral temporal de un técnico en comunicación (Grupo Profesional II) para a oficina municipal de Europe Direct.

Con base no anteriormente exposto propónse, de conformidade co establecido no artigo 217.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, que polo Concello Pleno de Lugo se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Dar conta ó Pleno do Decreto da Alcaldía Nº 11616/2021 do 28/12/2021, relativo ao levantamento de reparo efectuado pola Excma. Sra. Alcaldesa de Lugo ao informe emitido polo Interventor Municipal con data do 23/12/2021, no expediente de prórroga do contrato laboral temporal de un técnico en comunicación (Grupo Profesional II) para a oficina municipal de Europe Direct.

Segundo.- Dar traslado do acordo plenario que se adopte ao Servizo de Intervención Municipal co fin de que lle remita anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados pola Alcaldesa e polo Pleno contrarios aos reparos formulados, e isto de conformidade co previsto no artigo 218.3 do Real Decreto 2/2005, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

TESOURERÍA

12/12 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DOS MESES DE AGOSTO A DECEMBRO 2021.- En conformidade co informe da Tesourería desta mesma data e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades

locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira dende o 01 de agosto de 2021 ata o 31 de decembro de 2021, coa numeración 18/2021 á 33/2021.

«ASUNTO: INFORME DE RESOLUCIÓN DE TESOURERÍA.

PRIMEIRO. Durante os meses de agosto a decembro de 2021 ditáronse por esta Tesourería as seguintes resolucións:

NÚMERO	DATA	CONTIDO
18/2021	13/08/2021	Resolución recurso contra requirimento a herdeiros de Carreira Ríos José Antonio
19/2021	02/09/2021	Resolución recurso de reposición Marta Alameda López contra compensación débedas
20/2021	09/09/2021	Retroacción apremio
21/2021	29/10/2021	Retroacción apremio
22/2021	08/11/2021	Retroacción apremio
23/2021	19/11/2021	Retroacción apremio
24/2021	23/11/2021	Retroacción apremio Marandre y otros
25/2021	26/11/2021	Retroacción apremio Rocio Escolante Gómez
26/2021	01/12/2021	Resolución recurso reposición contra providencia de constrinximento
27/2021	01/12/2021	Resolución recurso reposición contra providencia de constrinximento
28/2021	09/12/2021	Retroacción apremio Rocio Escolante Gómez
29/2021	15/12/2021	Retroacción apremio Rocio Escolante Gómez
30/2021	16/12/2021	Retroacción apremio Ana Belén Pontide Morales
31/2021	16/12/2021	Retroacción apremio Rosa María Vázquez López
32/2021	30/12/2021	Deixar sen efecto iniciación Derivación responsabilidade solidaria contra Hotel Muralla SL
33/2021	30/12/2021	Desestimación alegacións Grupo Sidegal Galicia SLU a requirimento pago cotitulares

SEGUNDO. Visto o establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como o disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira.».

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno queda informado para os oportunos efectos.

INTERVENCIÓN

13/13 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA O ANO 2022.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do Interventor Xeral Municipal do 11 de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5447849558842243778.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-1-2022

xaneiro de 2022, do teor literal seguinte:

“O artigo 31 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, que aproba a norma reguladora do réxime xurídico do control interno no Sector Público Local, dispón que o órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financeiro que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio, que será remitido a efectos informativos ao Pleno da Corporación e será obxecto de publicación en cumprimento do previsto no art.6.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

En cumprimento da mencionada normativa, con data 11/01/2022, emitiu o informe Ref.: 2021/4, relativo ao “**Plan Anual de Control Financeiro. Exercicio 2022**”. É polo que,

PROPONSE:

PRIMEIRO: Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Plan Anual de Control Financeiro. Exercicio 2022.”

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

14/14 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCIERO PERMANENTE PARA O ANO 2021.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe do Interventor Xeral Municipal, do 18 de xaneiro de 2022, do teor literal seguinte:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, que aproba a norma reguladora do réxime xurídico do control interno no Sector Público Local, dispón que o órgano interventor plasmará os resultados das actuacións de control financeiro efectuadas en informes definitivos de control financeiro, que serán remitidos ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento, constituíndo a análise do informe un punto independente na orde do día da correspondente sesión.

En cumprimento da mencionada normativa, o día 17.01.2022, esta Intervención xeral emitiu o informe Ref.: 2022/24. É polo que **SE PROPÓN:**

PRIMEIRO: Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo das actuacións de Control Financeiro permanente. Exercicio 2021.”

De todo o cal, a Excma. Corporación quedou informada para os oportunos efectos.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as doce horas e cinco minutos do expresado día vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e dous, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.